

MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Psicoloxía

Curso Académico: 2017/18

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	04/04/2019
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	29/04/2019
Aprobado por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	26/04/2019

Índice

1. Introducción.....	1
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	4
2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	4
2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	10
2.2.1. Grao en Psicoloxía	10
2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....	13
2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía	15
2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.....	16
2.3.1. Grao en Psicoloxía	18
2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....	22
2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía	25
2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	27
2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	33
2.6. Directriz 6. Información pública.....	37
3. Plan de Melloras Anual.....	39
3.1. Informe do PMA executado en 2017-18.....	39
3.2. Obxectivos de calidade	57
3.3. Plan de Melloras, 2018-19	63
3.4. Cadro resume de relación Obxectivos estratéxicos – Obxectivos de calidade, 2018-19 – Plan de Melloras, 2018-19	72
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	74
5. Listaxe de evidencias e indicadores	75

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Psicoloxía, de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos á mesma.

A memoria organízase en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para logralos. A eles engádense dous capítulos máis, de carácter instrumental: un no que se sintetizan, se procede, as modificacións introducidas nos títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Antes de dar paso ao corpo desta memoria, convén explicitar os títulos oficiais dos que se ocupa e os órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Psicoloxía, no curso obxecto desta memoria (2017-18) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Psicoloxía (GPs). Código RUCT 2500462; Código USC G2011.
- Máster Universitario en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe (MUPEDA). Código RUCT 4315196; Código USC P2181. Este máster retirouse da oferta do curso 2018-19.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (MUPXS). Código RUCT 4314481; Código USC P2151.
- Máster Universitario en Psicoxerontoloxía (MUPXER). Código RUCT 4314476; Código USC P2171. Interuniversitario coas universidades de Barcelona (UB), Salamanca (USal) e Valencia (UV), coordinado pola USC. Nesta Universidade ofértase con periodicidade bienal.

Ademáis, impártese na Facultade o Máster Universitario en Estudos Avanzados da Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (MUEALCP, Código RUCT 4313558; Código USC P3322), interuniversitario coas universidades de A Coruña, Salamanca e Zaragoza, cuxa coordinación corresponde á Universidade de A Coruña, polo que só se fará referencia a el, nesta memoria, de modo colateral. Igualmente, omítese na memoria a análise do MUPEDA toda vez que no momento de realizala entrou xa en fase de extinción.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	estudantes	docentes
Grao en Psicoloxía	741	83 (máis 14 investigadores en formación)
MUPEDA	22	18 (máis 1 profesional externo)
MUPXS	69	21
MUPXER	9	15 (USC, máis 2 profesionais externos)
MUEALCP(*)	11	6 (USC)

(*) O MUEALP ten oferta bienal, alternado co MUPXER; en 2017-18 non tivo oferta de nova matrícula

O persoal de administración e servizos da Facultade de Psicoloxía ascende a un total de 27 traballadores:

Área de administración	7 (1 grupo A/B, 6 grupo C)
Área de conserxería	6 (adscritos conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación, 2 deles están a tempo parcial por prexubilación, e son substituídos na parte da xornada reducida por 2 traballadores de carácter temporal)
Área de biblioteca	14 (7 auxiliares, 6 axudantes, 1 director, tamén adscritos conxuntamente a estas dúas Facultades)

En canto aos órganos para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade, cóntase cos seguintes:

Unipersoais:

- Decana / Responsable de Calidade
- Coordinadora de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisións de Título (CT). No caso de interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A implantación do SGC da Facultade de Psicoloxía foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) recibiron a renovación da acreditación en 2016 (GPs) e 2018 (MUPXS e MUPXer)¹.

Como consecuencia da obtención desta Acreditación Institucional, este curso, por primeira vez, se realiza unha memoria de calidade que analiza globalmente o conxunto do sistema de calidade e dos títulos da Facultade, cuxo resultado se plasma neste documento.

De acordo co procedemento establecido (PE-02), para a elaboración desta memoria, as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados do programa formativo durante o curso 2017-18, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e

¹ Con estas condicións, e de acordo co establecido no Real Decreto 420/2015, de 29 de maio, e na Resolución da Secretaría General de Universidades, de 7 de marzo de 2018, o Centro recibiu a Acreditación Institucional (Resolución do *Consejo de Universidades* de 28/02/2019)

elaborou o Plan de melloras anual. O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e, posteriormente, sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do Centro.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras (valorar se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- Os procesos, procedementos e documentación do SGC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

A Facultade de Psicoloxía conta cunha [Política de Calidade](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se fai pública para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral, a través da súa páxina web. Esta Política revísase con periodicidade, e se actualiza, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A máis recente actualización da mesma data de 2018, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Psicoloxía conta cun [Plan Estratéxico](#), aprobado en 2011. De acordo co proceso PE-01, *Planificación estratéxica*, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratéxico da USC, co que debe estar aliñado. Así, ten vixencia até 2020.

Nel defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratéxico son os seguintes:

Liña estratéxica 1. Planificación do ensino e orientación á aprendizaxe:

- 1.1. Cumprimento do calendario da PAA
- 1.2. Adecuación da capacidade docente das áreas ao encargo docente.
- 1.3. Axuste da PAA do centro ás Memorias de Verificación dos títulos impartidos.
- 1.4. Procura da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.
- 1.5. Traballo coordinado das competencias establecidas nas Memorias de Verificación dos títulos

Liña estratéxica 2. Desenvolvemento do ensino e outras actuacións orientadas aos/ás estudantes

- 2.1. Orientación aos alumnos antes, ao inicio, durante e ao final do/s título/s

- 2.2. Acceso dos estudantes a programas de tutorías específicas axustadas ás demandas
- 2.3. Medidas de atención á diversidade e necesidades especiais
- 2.4. Oferta de actividades para consecución de competencias transversais
- 2.5. Mantemento e mellora da calidade da oferta de programas de mobilidade
- 2.6. Supervisión das prácticas externas
- 2.7. Mellora da coordinación vertical e horizontal entre materias
- 2.8. Axuste á normativa vixente sobre avaliación do rendemento académico
- 2.9. Incorporación das TIC á docencia

Liña estratéxica 3. Persoal académico e de apoio á docencia

- 3.1. Dotación dun cadro de PDI equilibrado, suficiente e adecuado para a Facultade
- 3.2. Recoñecemento adecuado da actividade docente do profesorado
- 3.3. Dotación dunha auténtica Unidade de Apoio á Xestión do Centro e dos Departamentos (UAXCD) para a Facultade
- 3.4. Dotación dunha Unidade de Conserxería propia para o Centro
- 3.5. Traballo coordinado e cohesionado das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na Facultade
- 3.6. Formación continuada do persoal da Facultade
- 3.7. Fomento da innovación docente
- 3.8. Mantemento do Plan de Autoprotección

Liña estratéxica 4. Recursos materiais e servizos

- 4.1. Mantemento e reparación de instalacións e mobiliario
- 4.2. Adaptación de espazos docentes e de traballo aos requisitos do EEES
- 4.3. Dotación e mantemento de equipamento e materiais docentes
- 4.4. Dotación e mantemento de equipos de aulas informáticas
- 4.5. Mantemento da Avaliación de Riscos
- 4.6. Supervisión da satisfacción dos usuarios respecto dos servizos prestados no centro
- 4.7. Elaboración e mantemento do rexistro de documentos do SGC

Liña estratéxica 5. Resultados da formación

- 5.1. Desenvolvemento dos plans de estudo impartidos no Centro conforme ás respectivas Memorias de Verificación
- 5.2. Actualización dos programas formativos para atender ás necesidades e expectativas dos grupos de interese
- 5.3. Información sobre a actividade docente do profesorado
- 5.4. Sistematización do rexistro e xestión de suxestións, queixas e reclamacións
- 5.5. Acreditación dos títulos impartidos no Centro

Liña estratéxica 6. Información pública

- 6.1. Mantemento do acceso público á información relevante dos títulos impartidos no centro
- 6.2. Mantemento da guía da Facultade

Os obxectivos definidos no Plan Estratéxico continúan a manter vixencia e a guiar as accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro. Dito isto, cómpre sinalar que, dado que se aproxima o fin do seu período de vixencia, se considera necesario iniciar, en 2019, unha fase de reflexión de cara á elaboración do seguinte Plan Estratéxico, cuestión esta que se contempla no Plan de Melloras para 2018-19.

AM-1. Iniciar a fase de reflexión para a diagnose estratéxica de cara á elaboración do vindeiro Plan Estratéxico da Facultade, en 2020.

En canto á **evolución e cumprimento obxectivos de calidade**, que concretan os obxectivos estratéxicos, mantivéronse actualizados, até 2018, a través da [Programación Plurianual de Calidade do Centro](#), de vixencia trienal e que se actualizaba anualmente. Entre as modificacións incorporadas ao SGC en 2018, atópase a supresión desta Programación que, polo tanto, deixa de actualizarse desde este ano. En todo caso, e para a presente memoria, a última actualización da Programación Plurianual 2015-18 é a referencia para analizar a evolución e cumprimento dos obxectivos de calidade do Centro, polo que se dá conta neste punto, brevemente, das evidencias que indican que ditos obxectivos foron cumpridos de acordo co previsto para o ano 2018. A partir da vindeira memoria, o referente para este epígrafe serán os Obxectivos de Calidade actualizados anualmente no marco do Plan Anual de Melloras.

Cadro 1. Informe de cumprimento en 2017-18 dos obxectivos de calidade do Centro

Revisión e actualización da programación do ensino das competencias establecidas na MT de Grao en Psicoloxía.	Sendo un obxectivo de carácter continuado, formalizase unha revisión trienal por parte da Comisión de Título correspondente. En 2017-18 correspondía realizar esta revisión para o Grao, e así se fixo. Cómpre notar que correspondería telo feito tamén para o MUPEDA, pero a súa retirada da oferta para 2018-19 fixo decaer esa tarefa.
Elaboración dun calendario académico específico para o Grao en Psicoloxía.	Tamén de carácter continuo, continúaase realizando a adaptación anual do calendario académico para o Grao especificando nel os principais prazos e procedementos que afectan ao programa formativo,
Avaliación da satisfacción do alumnado co proceso de acollida do Grao en Psicoloxía (Plan de Acción Titorial).	Satisfaceuse o referente previsto para 2017-18, de obter unha valoración global superior ao valor medio da enquisa, cun 3,6 sobre 5.
Potenciación do Plan de Acción Titorial dos títulos da Facultade.	Realizáronse as accións asociadas segundo o planificado para 2017-18 (dispúxose de estudantes titores, organizáronse as sesións de orientación para o estudantado sobre diferentes procesos académicos)
Promoción de cursos e obradoiros relacionados con competencias transversais do Grao en Psicoloxía.	Realizáronse as actividades previstas, e se acadaron os valores referentes previstos para os indicadores, tanto en asistencia como en satisfacción: Curso introdución biblioteca. Asistencia: 126/182. Satisfacción: 3,9 / 5 (IN.G.P02) Curso nivelación en bioloxía: Asistencia: 14/20. Satisfacción: 4,8 / 5 (IN.G.P03) Curso de ética e deontoloxía. Asistencia: 138/142. Satisfacción: 3,0 / 5 (IN.G.P05) [lixiramente inferior ao curso anterior] Ciclo charlas exercicio profesional. Asistencia: 57/57. Satisfacción: 4,3 / 5 (IN-P-GPS-09)
Avaliación da satisfacción cos programas de mobilidade e definición de estratexias para promover a mobilidade durante os estudos de Grao.	Os datos de satisfacción non están dispoñibles para a mobilidade entrante; en canto á participación, aumentou lixeiramente a mobilidade saínte (0,4%) e en maior medida a entrante (1,7%), alcanzando o referente previsto. Satisfacción mob. entrante: 4,5 / 5 (IN16) Satisfacción mob. saínte: n.d. / 5 (IN15) % mob. entrante: 9,85% (IN18) % mob. saínte: 3,64% (IN17)
Avaliación da satisfacción coas prácticas externas do Grao en Psicoloxía.	Mantívose a avaliación propia por parte da Facultade desta parte esencial do programa formativo, e acadáronse os referentes previstos para os indicadores Grao: 4,20 / 5 (IN19); 4,3 / 5 (IN.G.P04) MUPXS: 4,29 / 5 (IN19); 4,2 / 5 (IN.MPXS.02a); 4,4 / 5 (IN.MPX.02b)

	MUPEDA: 4,71 / 5 (IN19) MUPXer: 3,82 / 5 (IN19) MUEALCP: -- / 5 (IN19)
Seguimento dos centros colaboradores nas prácticas do Grao en Psicoloxía.	Realizáronse as accións previstas, coa estandarización do protocolo de actividades e horario no caso do Grao, aportado por todos os estudantes. Os indicadores de satisfacción dos titores (IN20) acadaron os referentes previstos (non se dispón do dato correspondente ao MUPXS): Grao: 4,21 / 5 MUPXS: n.d. / 5 MUPEDA: 4,56 / 5 MUPXer: 4,67 / 5 MUEALCP: -- / 5
Coordinación dos prácticum do Grao e os Másteres.	Mantívose a coordinación, a través da Comisión de Prácticum, o que permitiu ofrecer unha ratio suficiente de prazas (de acordo co referente previsto) en todos os títulos, sen situacións de solapamento.
Supervisión e axuste dos procedementos do TFG.	Realizáronse os axustes previstos no procedemento de TFG, coa adaptación consecuenta da guía e dos documentos de rúbrica. Aprobouse o novo procedemento de avaliación que entra en vigor en 2018-19
Adecuación do tempo de dedicación a titoría do TFG.	Mantívose a demanda, á vicerreitoría responsable, dun progresivo axuste do tempo recoñecido por titoría de TFG/TFM á realidade da dedicación.
Renovación de equipamento docente (equipos informáticos e audiovisuais, equipamentos específicos de prácticas).	Obxectivo de carácter continuo, mantívose de acordo co procedemento establecido. A actuación máis relevante no curso 2017-18 correspondeu, de acordo coa demanda do estudantado, a dotar de infraestrutura de subministro eléctrico ás aulas
Mantemento do Plan de Autoprotección acorde coa programación do Servizo de Prevención de Riscos.	Realizáronse as actividades de formación e simulacros anuais conforme ao plan previsto de actuación anual, e se mantén actualizado o Plan de Autoprotección.
Actualización da Avaliación de Riscos acorde coa programación do SPR e da AXI.	Conforme ao último informe de Avaliación de Riscos dispoñible, satisfácese o referente de manter 0 deficiencias de risco medio ou alto.
Mellora das condicións de accesibilidade para a integración de persoas con discapacidades que afecten á mobilidade.	Mantense o plan respecto deste obxectivo, que non prevía actuacións específicas para o curso 2017-18, pendentes da nova planificación de Reparacións, ampliacións e mellora da Oficina de Xestión de Infraestruturas da USC
Cumprimento dos procesos de control de calidade do SGC.	Mantívose a demanda de persoal de apoio para funcións técnicas relacionadas coa xestión de calidade, que no ano 2017-18 se concretou na dotación dunha bolsa de apoio durante un mes. A obtención da certificación da implantación do SGC en 2018 avala o cumprimento axeitado dos procesos asociados ao mesmo.
Correspondencia entre a bibliografía recomendada nos programas das materias do Grao e os fondos da Biblioteca Intercentros.	Extendeuse a supervisión e axuste da bibliografía recomendada, para garantir a súa dispoñibilidade no fondo bibliotecario, á totalidade dos títulos, axustándose ao referente do 100% de dispoñibilidade.
Promover a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.	Mantivéronse accións de información para promover a participación; se ben esta mellorou lixeiramente, non permitiron acadar cambios significativos, o que leva a planificar novas accións neste sentido para o seguinte curso.

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da política de calidade é o **grao de cumprimento do plan de melloras** no exercicio obxecto de análise. A este respecto, no capítulo 3, apartado 3.1, dase conta da execución das accións contempladas no plan de melloras 2017-18.

Foron un total de 25 accións, propostas no marco do *Proceso de Revisión e Mellora (PE-02)*. Delas, as 5 relacionadas co SGC e cos recursos materiais, executáronse a nivel de Centro, tanto se derivaron do seguimento do SGC como se xurdiron do seguimento dos títulos. As restantes corresponden ao Grao (5 accións), MUPXS (8 accións) e MUPXer (7 accións) e foron executadas, en primeira instancia, polos órganos dos títulos (Comisión e coordinador/a) co apoio do equipo decanal. Non se propuxeron accións asociadas ao MUPEDA dado que no momento de realizar o seguimento a Universidade xa decidira a súa retirada da oferta académica. No caso do MUPXer, das 7 accións propostas, 3 derivaron do seguimento realizado na Facultade, e outras 4 do informe externo de renovación da acreditación. No caso do MUPXS, que tamén superou nese curso 2017-18 a renovación da acreditación, o informe externo foi favorable en primeira instancia, sen indicación de novas accións de mellora que incluír, polo que as 8 accións desenvolvidas teñen orixe no proceso interno de análise e seguimento.

O seguimento da eficacia destas accións realízase por parte da Comisión de Calidade, co informe, se é o caso, da comisión/coordinador de título correspondente. Como se pode ver na relación detallada que se presenta no epígrafe 3.1, as accións de nivel Centro foron executadas na súa totalidade, coa limitación daquelas que requiren dun elevado investimento económico que, como xa se prevera, deberán ser desenvolvidas en varias fases e haberán, por tanto, de seguir contemplándose nos vindeiros cursos. No caso das accións vinculadas ao MUPXS e ao Grao foron executadas na súa totalidade cun nivel de eficacia acorde ás expectativas. En canto ao MUPXer, a execución dalgunhas das accións derivadas do informe de acreditación foi parcial, e tal e como se indica nas súas comprobacións, houberon de ser extendidas ao curso 2018-19; isto debeuse en parte ao avanzado do curso no momento en que se completou o proceso de reverificación (mes de abril) e en parte tamén ao feito de seren accións que requiren do concurso das catro universidades participantes no máster, o que necesariamente dificulta a súa execución.

No caso de **títulos interuniversitarios**, procúrase a maior coordinación posible das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC; o seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da Facultade coordinadora (USC no caso do MUPXer, UdC para o MUEALCP); a xestión académica (preinscrición, matriculación, emisión de certificados, etc.) realízase conforme ás mecánicas implementadas en cada unha das universidades que, sendo todas elas públicas e do Estado español, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos se implementan en todas as universidades. As principais dificultades para unha completa coordinación derivan de que (1) os calendarios de procesos académicos difiren entre as institucións, polo que, en ocasións, a completa implementación de certas accións ten que extenderse por máis de un curso académico, e (2) a dificultade para que os departamentos de Calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do Centro coordinador, o que obriga aos responsables da titulación a recabar esa información polos seus propios medios.

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Psicoloxía está, no momento da presentación desta Memoria, adecuadamente actualizado. Como se indicou na introdución, a súa implantación foi certificada no curso 2017-18. No marco do proceso de avaliación externa para dita certificación, foi aprobada unha modificación de certo calado, que permitiu unha mellor adaptación dos procesos ao seu actual nivel de desenvolvemento. O cambio máis relevante consistiu na separación máis clara dos niveis de actuación, de modo que o Manual de Procesos do SGC da Facultade de Psicoloxía quedou conformado por aqueles procesos dos que é directamente responsable, e se deslindaron dos 'de nivel institucional', aqueles que son responsabilidade doutras instancias de goberno ou servizos da Universidade. Ao tempo,

realizouse unha certa simplificación dalgúns procesos, que resultan agora máis claros e se axustan en maior medida á realidade da Facultade, e se adecuou o rexistro de evidencias. Xa que logo, o SGC da Facultade de Psicoloxía non require, a data de hoxe, de cambios relevantes na súa xestión. Isto non significa, loxicamente, que non precise de axustes menores que afectan principalmente á actualización da relación de evidencias e indicadores. Así, a Comisión de Calidade ten detectado unha incorrecta ubicación de informes e indicadores nas táboas xerais, que deben de ser corrixidas, e ten estimado tamén a conveniencia de incluír algunha evidencia que complemente algún dos procesos. A este efecto inclúese, no plan de melloras anual, unha acción asociada á revisión destas cuestións.

AM-2. Revisar e axustar as táboas de indicadores e informes do SGC e das evidencias asociadas aos procesos.

Un dos aspectos relevantes de todo SGC, é a recollida de información relativa á **satisfacción, queixas, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A este respecto, débese indicar que a sistemática da Facultade de Psicoloxía a este respecto incide de modo significativo na recollida desta información, para a súa posterior análise pola Comisión de Calidade. Esta sistemática está explicitada, por unha banda, no proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, complementa esta información recabada a nivel institucional, ben mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos (TFG, Prácticum, actividades do Plan de acción titorial) ou ben a través de reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, titores de Prácticum). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recaba información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. Neste sentido, desde a Facultade véñense desenvolvendo algunhas accións de mellora destinadas a incrementar a participación (ver epígrafe 3.1), pero é necesario seguir a incidir nelas. A nivel institucional, prevese realizar en 2018-19 unha revisión importante do proceso, con algúns cambios no contido das enquisas que as faga máis atractivas (v.g., a posibilidade de incluír respostas abertas) e, tamén, no procedemento (v.g. facilitar diversas aplicacións informáticas para cubrir as enquisas). Desde a Facultade continúa a incidir neste aspecto: as enquisas propias, de cumprimentación en papel, están a aportar uns niveis de participación moi elevados, pero no caso das enquisas informatizadas propónse unha nova acción de mellora que pretende favorecer unha maior participación.

AM-3. Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro.

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, indicar que o mecanismo que mellor está a funcionar para recabar suxestións é a sistemática de reunións semestrais con representantes de estudantes para avaliar o desenvolvemento do curso; nese marco xurden propostas de diferente tipo que se trasladan ao órgano que corresponde para a súa valoración e, de ser o caso, aplicación ou traslado ao Plan de Melloras Anual. O informe de queixas e reclamacións, tanto das recibidas no propio Centro como as tramitadas a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), indica que non se están a producir problemas de gran calado. No Decanato da Facultade non se recibiu queixa ningunha en 2017-18; na OAR recibíronse seis queixas, das que só dúas foron estimadas, e sete recursos, dos que só un foi parcialmente estimado, pero cómpre sinalar que non afectaban a procesos cuxa xestión corresponda á Facultade.

2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación e revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - resultados de materias e títulos;
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía realízanse consonte o explicitado no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas*, do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#). Até o momento, os títulos activos deste Centro que foron obxecto de renovación da súa acreditación (reverificación) superárona con éxito (dous deles, MUPXS e MUPXer, no curso 2017-18), o cal se pode considerar indicativo do adecuado desenvolvemento do proceso.

Anualmente, de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade, as CT analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos, conforme queda recollido nas actas das súas reunións. Nesta análise faise seguimento do cumprimento da correspondente memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, os perfís de ingreso/egreso, o axuste dos programas docentes, procedementos de coordinación e resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza e aproba as accións de mellora derivadas. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado PE-02, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas*, e *PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*.

Neste epígrafe preséntase unha síntese da análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía durante o curso 2017-18.

2.2.1. Grao en Psicoloxía

No que atinxe á **revisión do cumprimento MVT**, no curso 2017-18 realizouse unha acción de mellora (ver epígrafe 3.1, AM_GPs-6) dirixida a comprobar que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación contribúen á formación nas competencias e coñecementos previstos na memoria do título e que os sistemas de avaliación permiten valorar os resultados de aprendizaxe, en relación co

previsto na Memoria de Verificación do Título. Máis alá da actualización anual dos programas das materias, na programación plurianual esta acción asociouse ao establecemento dunha periodicidade trienal para esta revisión máis exhaustiva do axuste das competencias e sistemas de avaliación das materias ao establecido na MVT. Como resultado, a CT, en coordinación coas áreas de coñecemento, introduciu pequenos axustes nos programas para o curso 2018-19, tal como se recolle nas súas actas.

O **cumprimento das guías docentes** ou programas das materias revísase, esencialmente, a través das reunións dos/as coordinadores/as de curso cos/as estudantes que se realizan semestralmente, e cuxos informes se trasladan a CT. Estas reunións permitiron constatar que o profesorado está a cumprir co establecido nos programas das materias. A valoración nas enquisas de avaliación da docencia recibida, onde os estudantes referiron que os/as profesores/as cumpriron co programa e o plan de traballo previsto (4,35 sobre unha puntuación máxima de 5), corrobora esta información.

A **coordinación no desenvolvemento do programa formativo** materialízase, principalmente, a través das reunións semestrais que mantén o profesorado de cada curso; das cuestións tratadas nestas reunións, os/as coordinadores/as de curso dan conta á Comisión do Título. Tal como se recolle en distintas actas da CT do Grao en Psicoloxía, unha das cuestións máis sinaladas nas reunións de coordinadores de curso co alumnado referíase á acumulación de traballos e avaliacións formativas en períodos curtos do calendario. A CT propuxo, nos cursos 2016-17 e 2017-18, accións de mellora dirixidas a favorecer a coordinación entre materias, fomentando a planificación no calendario das actividades antes do comezo do semestre, e facendo uso das ferramentas telemáticas dispoñibles (nomeadamente as aulas de coordinación no Campus Virtual) e baixo a supervisión dos/as coordinadores/as de curso. Tal como se expoñerá no apartado 2.3 desta Memoria, a aplicación destas accións de mellora foi valorada moi positivamente polo alumnado. Na mesma liña, os índices de satisfacción coa coordinación dentro de cada materia aumentaron respecto ao ano anterior (4,10 en 2017-18, 3,68 no curso anterior). Considérase, por tanto, apropiado manter a mesma liña de traballo e continuar con este procedemento de coordinación e supervisión nos distintos cursos do Grao.

En canto aos **resultados de materias e do título**, no curso 2017-18 o Grao en Psicoloxía volveu amosar datos moi positivos, por riba da media da USC:

- Taxa de rendemento (créditos superados/ créditos matriculados). Continúa a tendencia ascendente constatada nos informes previos, acadándose un 86,93, moi por riba do 78,46% medio da Universidade.
- Taxa de éxito (créditos superados/créditos presentados). Este indicador mantense en valores elevados (92,08%), e continúa por riba da media da Universidade (87,20%).
- Taxa de avaliación (créditos presentados/créditos matriculados). Aмосa, cunha taxa do 94,41% unha puntuación superior ao 89,98% medio da Universidade.
- Taxa de graduación. Aumenta respecto ao ano anterior (70,14% no curso 2016-2017 e 75% no curso 2017-18), e supérase de maneira notable a puntuación media da Universidade (57,97%).
- Duración media dos estudos. Sitúase nos 4,40 anos, por debaixo da media do conxunto da Universidade (4,98).
- Taxa de abandono durante o primeiro curso. A porcentaxe de abandono durante o primeiro curso aumentou lixeiramente en relación ao curso anterior, situándose nun 10,40%, pero aínda se mantén moi por baixo da media da universidade (16,02%).
- Taxa de abandono RD1393. Ao igual que no caso anterior, produciuse un lixeiro aumento (do 15,97% no curso anterior ao 17,14% no curso 2017-18) pero mantense inferior á media da universidade, que está no 22,70%.

As cualificacións amosan, en xeral, niveis similares aos anos anteriores, xa que no 70% das materias máis da metade do alumnado matriculado obtivo cualificacións de notable ou superiores. Na gran maioría das materias as taxas de rendemento superaron o 80%, as taxas de éxito e de avaliación superaron o 90%. Nas materias finais do plan de estudos, Prácticum e TFG, os resultados son satisfactorios. No Prácticum, cun 99,3% de taxa de avaliación, a taxa de éxito foi do 99,3 % e a de rendemento do 98,6%; o 97,97 % dos e das estudantes matriculados obtivo unha cualificación igual ou superior a notable. No TFG, con unha taxa de avaliación do 83,5%, de éxito do 99,4% e de rendemento do 83%, o 70% dos e das estudantes matriculados obtiveron cualificacións de notable ou máis.

De acordo coa CT, a maior garantía para que os titulados acaden os **resultados de aprendizaxe previstos na MVT** vén da aplicación dos programas e guías docentes consonte o establecido na mesma. No curso 2017-18, a revisión do axuste entre os programas e as fichas das materias contidas na MVT, así como a comprobación do cumprimento dos programas nas distintas materias do Grao (reunións co alumnado, enquisas de satisfacción coa docencia recibida) permitiron constatar que nas materias se avalía a adquisición das competencias propias da titulación. E, como se vén de indicar, os resultados da aprendizaxe nas mesmas son satisfactorios con carácter xeral. As cualificacións e taxas que se veñen de indicar para o Prácticum en TFG son especialmente relevantes en canto á valoración da consecución dos resultados de aprendizaxe globais do programa formativo e, en consecuencia, do perfil de egreso previsto, por canto no caso do Prácticum dependen en grande medida da cualificación otorgada polos tiores profesionais á adquisición de competencias propias do/a graduado/a en Psicoloxía necesarias para o exercicio profesional, e no caso do TFG se avalían o conxunto das competencias da titulación.

No relativo á **análise do perfil de ingreso/egreso**, existen suficientes indicadores que sinalan un adecuado perfil de ingreso. A CT considerou destacables, como en anos anteriores, varios indicadores que amosan a competitividade e o nivel do alumnado que se matricula no Grao en Psicoloxía. No curso 2017-18, cubríronse novamente as prazas de novo ingreso ofertadas (150) cos preinscritos en Xuño. A nota media de acceso por preinscrición dos/das estudantes que iniciaron estudos nese curso foi 9,73 sobre 13, similar á do curso 2016-17 (9,63). A nota de corte para as admisións a través de bacharelato e formación profesional foi superior ao 8. Por outra banda, mantense unha porcentaxe similar de estudantes matriculados preinscritos en primeira opción (80% no curso 2016-17, 82% no curso 2017-18).

En síntese, os datos proporcionan unha visión positiva da motivación e adecuación dos/as alumnos/as que comezaron os seus estudos no Grao en Psicoloxía. Estes datos vense corroborados ademais polas taxas de éxito dos/as alumnos/as de primeiro curso, cunha media do 82,90% nas distintas materias, así como pola baixa taxa de abandono, que foi do 10,40% (fronte ao 16,02% de media na USC). Non obstante, como se expón no apdo. 2.3.1, se ten plantexado a oportunidade de incidir nun mellor axuste do perfil de ingreso.

Neste momento non se dispón de indicadores e evidencias para valorar a relevancia e actualización do perfil dos/as egresados/as, pois os datos dispoñibles máis recentes de inserción laboral do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), corresponden á cohorte de egresados en 2013-14. Unha das Accións de Mellora desenvolvidas no curso 2017-18 foi a creación dunha plataforma de contacto con este colectivo vía e-mail e redes sociais. No curso 2018-19 propónse realizar unha enquisa propia sobre inserción laboral a través desta vía, xa que neste momento contamos con unha poboación de aproximadamente 500 egresados en contacto. De todos modos, como xa se indicou, a CT dispón de evidencias de que os/as egresados/as alcanzaron os resultados de aprendizaxe previstos na MVT; como xa se dixo, as cualificacións dos tiores externos no Prácticum son un indicio da súa boa adaptación ao contorno profesional, como tamén o é o feito de que estes valoren positivamente (3,77

sobre 5), na enquisa anual, a formación coa que o alumnado chega a esta materia de contacto co exercicio profesional.

AM-3. Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro.

2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

En relación co **cumprimento do incluído na memoria verificada**, cabe sinalar que o presente título foi reverificado con éxito en 2018, o que indica que se viu desenvolvendo conforme ao previsto tanto en contidos como en procedemento desde a súa posta en marcha.

Durante o curso académico 2017-18 cabe sinalar melloras significativas de procedemento en relación co TFM e os Prácticum, das que queda constancia nas actas da CT.

En canto ao TFM, elaborouse a súa Normativa, que estaba pendente polo cambio da regulamentación xeral da USC, aprobada polo Consello de Goberno da USC o 19 de xullo de 2018. Elaborouse unha guía orientativa sobre a estrutura das distintas modalidades de TFM, que está publicada na web do Máster, e se formalizou o procedemento de cambio de titor/a a solicitude do/a estudante. Tamén se incidíu sobre a avaliación desta materia, como se sinala no apdo. 2.3.3 desta Memoria. Estas melloras nos procedementos están, probablemente, na base da mellora na valoración que os estudantes fixeron desta materia (4,4 sobre 5) respecto do curso anterior (4,1).

Polo que se refire aos Prácticum (I e II), desenvolvéronse e aprobáronse cambios nas rúbricas e na ponderación da avaliación de titor externo/académico, de cara a unha mellor definición do procedemento de avaliación, e se puxeron en funcionamento durante o curso 2017-18 (no apdo. 2.3.3 faise referencia máis detallada a esta modificación).

Por último, e a partir da suxestión formulada polos estudantes na reunión mantida coa coordinadora do 2º semestre, a CT acordou un axuste no cronograma anual relativo ao calendario de exames e de Prácticum I que, unha vez autorizado pola Secretaria Xeral da USC, se fixo efectivo no curso académico 2017-18.

En canto ao **cumprimento das guías docentes** das materias, o programa formativo desenvolveuse sen incidencias, conforme aos procedementos e calendarios de aplicación e aos programas dispoñibles na web. Estes programas/guías docentes están axustados á MVT con unha actualización da correspondencia competencias/materias que se formalizara no seguimento do curso anterior. A respecto deste punto, cómpre salientar que, atendendo a unha suxestión dos avaliadores externos da renovación de acreditación do Máster, en 2017-18 acordouse a inclusión de contidos de metodoloxía nunha materia obrigatoria, que se efectivizará a partir de 2018-19.

Tamén é de sinalar que se ten detectado, a través das reunións de coordinación e seguimento mantidas cos/as estudantes, unha certa insatisfacción destes coa organización dos contidos prácticos e coa concreción dos criterios de avaliación nalgunhas materias, polo que se propón revisar e clarificar estes aspectos nos programas/guías docentes das materias; este mellora na información dos programas faras en 2018-19, de cara a que apareza nos programas de 2019-20.

AM-4. Garantir a inclusión, nos programas de todas as materias do MUPXS, de información precisa sobre a temporalización das sesións interactivas e dos criterios de avaliación para a cualificación de 'non presentado'.

En relación coa **coordinación docente**, materialízase a través de reunións periódicas co profesorado e cos estudantes do máster, nas que cada ano se revisan os contidos específicos e

transversais, co obxectivo de detectar e corrixir duplicidades e lagoas. As reunións semestrais de coordinación puxeron de manifesto que todas as competencias definidas no título están a ser abordadas e avaliadas convenientemente nas materias da titulación. Séguese a crer necesario o desdobre dos grupos de docencia interactiva nas materias con máis de 20 estudantes, que foi solicitada e denegada en 2017-18. Con todo, avaliados pros e contras, a Comisión do Título acordou demorar a nova solicitude deste desdobre por un curso académico.

Sinalar que, no ánimo de seguir incidindo nunha adecuada coordinación no desenvolvemento do programa formativo, en 2017-18 se procedeu a un axuste do número de horas de traballo non presencial por materia e a unha secuenciación coordinada da entrega dos traballos no 1º semestre; estas melloras foron programadas nunha reunión do equipo docente a raíz das suxestións trasladadas polos estudantes no curso anterior. Seguindo con estas medidas de revisión e axuste do equilibrio de carga de traballo dos/as estudantes entre semestres, a CT vén de propoñer, como acción de mellora, o traslado da materia de Avaliación e Intervención en Adicións do primeiro ó segundo semestre (efectivizaríase, de ser autorizada, no curso 2019-20).

AM-5. Solicitar o cambio de semestre (de 1º a 2º) dunha materia obrigatoria do MUPXS para mellor equilibrar a carga de traballo dos/as estudantes.

Respecto dos **resultados das materias e do título, e a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos**, os indicadores amosan que as cualificacións obtidas nas materias obrigatorias e optativas son moi satisfactorias. As puntuacións concéntranse nas categorías de notable e sobresaliente: o sobresaliente foi a cualificación predominante no 35% das materias, e o notable no 65% restante; a proporción de aprobados foi dun 12,5% e se concentrou nas materias obrigatorias. Igual que nos cursos anteriores, nas materias optativas obtéñense mellores cualificacións que nas obrigatorias (de media, o 50,1% dos estudantes obtiveron a cualificación de sobresaliente). Unha vez máis, enténdese que a elección destas materias por parte do alumnado segundo os seus intereses específicos, así como a menor ratio de estudantes que conforman o grupo de clase, contribúen a este resultado.

As cualificacións do Prácticum I e Prácticum II, cuxo contido esencial é a realización de prácticas en contextos clínico-sanitarios, son, igualmente, moi satisfactorias, cunha porcentaxe do 93,75% de sobresaliente no Prácticum I e do 87,88% no Prácticum II. Este dato é de particular relevancia nun máster profesionalizante, e reflicte a estreita e adecuada correspondencia entre as competencias adquiridas ao longo do programa formativo e as requiridas para o exercicio profesional. Polo que se refire ao TFM, as cualificacións agrúpanse nun 88,89% en torno ao notable e sobresaliente. Estas evidencias permiten constatar que se satisfán os obxectivos formativos do título tal como está planificado na MVT.

Os resultados globais do título son tamén satisfactorios, e se sitúan por riba da media da USC: A porcentaxe de estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto foi do 100%, cunha taxa de éxito do 100% (e, consecuentemente, unha taxa de abandono do 0%). A taxa de rendemento foi do 98,22%, mellor ca media dos títulos da USC no mesmo período, e as taxas de eficiencia e de graduación do 97,96%, polo que este dato parece obedecer á renuncia dun único estudante nunha materia.

En canto ao **perfil de ingreso**, os indicadores poñen de manifesto que a solicitude de admisión segue a manter cotas moi elevadas, cunha demanda de máis de 180 estudantes para as 33 prazas ofertadas e cunha cobertura do 96,97% (100% inicial, reducido despois por un cambio de universidade dunha persoa cando xa o prazo de matrícula estaba pechado). A nota media de acceso por preinscrición foi de 7,74 (o 100% superaba a cualificación media de 6) o que indica a boa preparación básica dos estudantes que acceden a este Máster. A porcentaxe de

estudantes procedentes doutras universidades foi do 47,83% e a de procedentes de sistemas alleos ao EEES foi do 1,45%.

Respecto do **perfil de egreso**, non se dispón de datos de empregabilidade dos egresados nin procedente do SIIU nin dos estudos de inserción realizados pola ACSUG. No curso anterior a propia CT aplicara unha enquisa aos egresados até 2016-17, da que se deu conta no informe para a renovación da acreditación e na que se constatou, sobre unha taxa de resposta do 50%, que o 78% dos egresados/as estaban traballando, e o 68% deles en postos para os que se requiriu especificamente o título de MUPXS. Mentres non se provean datos das instancias que teñen encomendada esa tarefa, seguirase aplicando con certa periodicidade esta enquisa, e aproveitaranse as plataformas dixitais de comunicación cos egresados que mantén o Decanato da Facultade para facelas chegar (AM-3). En todo caso, pódese sinalar que o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación é de 3,56 puntos, superior á media da USC.

AM-3. Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coa titulación.

2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

Este máster obtivo a renovación da acreditación (reverificación) en 2018, o que indica que se cumpríu satisfactoriamente o ciclo de garantía externa do título.

Durante o ano 2018 a Comisión Académica Interuniversitaria acometeu a mellora da **coordinación**, establecendo e realizando como mínimo tres reunións ao longo do curso académico. Tamén se revisaron os **programas e guías das materias** nas catro universidades, seguindo a recomendación do Informe final de avaliación para a renovación da acreditación de acordo coa acción de mellora AM_Pxe-4 do pasado curso, para que as competencias, as actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación de cada materia sexan iguais nas súas liñas básicas en coherencia coa memoria vixente do título. Para o caso particular da memoria Traballo Fin de Master (TFM), decidíuse unificar o sistema de cualificación con unha ponderación do 70% para a cualificación da Comisión avaliadora e un 30% para a do titor (Ver actas da Comisión Interuniversitaria).

Os **resultados nas materias** son moi positivos, e os titulados acadan os **resultados de aprendizaxe** previstos na memoria: Taxa de rendemento e de avaliación do 100% nas Universidades de Barcelona e Salamanca, do 95,08% na de Santiago de Compostela e do 93,09% na de Valencia; e tasa de éxito do 100% en todas as universidades.

En canto ao **perfil de ingreso**, o número de estudantes de novo ingreso foi de 10 na Universidade de Barcelona, 8 na de Salamanca, 8 na de Santiago de Compostela e 18 na de Valencia. Todos son graduados ou licenciados en Psicoloxía.

2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitir-lles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado:
 - aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensino (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensino-aprendizaxe).
 - Avaliación da aprendizaxe.
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados de aprendizaxe.
 - Indicadores de satisfacción e rendemento.
 - Suxestións e reclamacións.

A Facultade de Psicoloxía desenvolve os seus programas formativos co obxectivo de que os e as estudantes acaden as competencias e os obxectivos de aprendizaxe planificados nos mesmos, no marco da organización xeral da USC e das normativas de que esta se dota para garantilo.

A USC conta con normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Algunhas delas son xerais para o conxunto da Universidade, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. As principais normativas, que se apuntan de seguido, poden consultarse nos enderezos web:

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html,
http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html e
<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>:

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017)
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)
 - Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)
 - Recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao (CG 31/10/2013)
 - Acordo do CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2018)

- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011).
 - Modificación da normativa de avaliación do rendemento académico (CG 05/04/2017)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)
- Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012)
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 21/03/2014)
- Convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013)
 - Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 08/10/2015)

Entre a normativa propia da Facultade de Psicoloxía directamente relacionada coa organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e que desenvolve ou concreta as normas xerais da USC no seu ámbito de competencia atópanse:

- Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela (Xunta de Facultade, 20/07/2012)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de fin de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (CG de 10/07/2018)
- Normativa para a Dispensa de Asistencia a Clase do Grao de Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade 27/11/2012, modificada en Xunta de Facultade 18/12/2017)
- Normativa para o cambio de grupo da Facultade de Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade, 22/07/2013)
- Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (CG 19/07/2018)

Este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

Os procesos do SGC da Facultade de Psicoloxía máis directamente relacionados con esta garantía de aprendizaxe son os cinco procesos chave que o configuran (*PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*).

As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación se sintetizan as conclusións destas análises para cada un dos títulos.

2.3.1. Grao en Psicoloxía

Respecto dos procesos de **admisión de alumnado**, como é sabido, os criterios de admisión no Grao son os xerais para o sistema universitario público, sen probas de acceso específicas. Non obstante, neste sistema é posible afinar o perfil de acceso a través da ponderación das materias nas probas de acceso (Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade, ABAU) e das titulacións de Formación Profesional que dan acceso aos estudos. A este respecto, no curso 2017-18, ao abeiro da substitución da antiga 'Selectividade' polas ABAU, abríuse unha reflexión, na CT e na Xunta de Facultade, respecto da necesidade de axuste deste perfil. Como resultado, propúxose unha acción de mellora relativa á modificación das ponderacións para mellor axustalas ao perfil da titulación.

AM-6. Solicitar á CIUG a modificación da ponderación nas probas de avaliación do bacharelato para o acceso ao Grao en Psicoloxía, eliminando a ponderación de Física e Química e engadindo a ponderación de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais e de Filosofía.

En canto á captación de novos estudantes, aínda que o título conta cunha elevada demanda, a Facultade mantén a súa implicación no programa "A Ponte" da Universidade (charlas nos centros de secundaria de Galicia, xornadas de portas abertas), co obxectivo de que os novos estudantes cheguen coa mellor orientación previa posible.

No relativo á **orientación académica e profesional, formación en competencias transversais e actividades de nivelación**, o Plan de Acción Titorial do Grao en Psicoloxía contempla diferentes accións. Cronoloxicamente, a primeira é a Xornada de Acollida ás persoas que inician estudos, e que valoran satisfactoriamente (3,6 sobre 5); non obstante, a CT considera que, para melloralas, é oportuno realizar unha consulta aos estudantes unha vez plenamente incorporados, no 2º semestre, acerca da información que considerarían máis útil e qué información estarían interesados en recibir a través doutras xornadas ou mecanismos.

AM-7. Realizar unha consulta no 2º semestre aos estudantes de 1º para recabar opinión que permita mellorar a Xornada de Acollida.

Tamén se organizaron, no curso 2017-18, tres cursos para proporcionar competencias informacionais aplicadas ao desenvolvemento académico, organizados pola Biblioteca do Centro. Un dirixido a estudantes de 1º ao comezo do curso, cunha satisfacción por parte dos destinatarios de 3,9 sobre 5; outro que se imparte no 2º semestre de 1º, máis avanzado, e finalmente un terceiro dirixido a estudantes que inician o 4º curso, enfocado á orientalos na procura de información especializada para a realización do TFG.

Outra das accións levadas a cabo cos alumnos e alumnas de 1º curso foi o curso de Nivelación en Bioloxía, que un ano máis recibiu unha valoración moi positiva dos asistentes; non obstante, como se plantexara no informe de seguimento do curso 2016-17, esta foi a última edición deste curso, que se retira do Plan de Acción Titorial debido a que o perfil de acceso nos últimos anos fixo decrecer considerablemente a demanda (en 2017-18 só se anotaron 14 estudantes, menos do 10%).

No plano da orientación profesional, para aqueles estudantes que están próximos á graduación, continuouse con dúas actividades: un ciclo de charlas sobre a práctica profesional da Psicoloxía (con índices de satisfacción superiores ao 4 sobre 5), e unha charla sobre os estudos de posgrao da Facultade. Dada a baixa asistencia de estudantes de 4º nesta última, propónse, de cara a 2018-19, coordinar cos representantes de 3º e 4º curso a/s data/s para levar a cabo esta charla no curso 2018-19.

AM-8. Axustar as datas das charlas sobre estudos de posgrao para os graduados en Psicoloxía, para fomentar a participación dos/das estudantes de últimos cursos.

A elas hai que engadir a programación, como en anos anteriores, no marco do Prácticum, dun curso sobre o Código Deontolóxico impartido por profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con índices de satisfacción entre 3 e 4,2.

A adecuación da **metodoloxía de ensinanza** ao perfil e necesidades dos estudantes considérase apropiada. Os informes avaliados pola CT sobre o desenvolvemento do curso amosan que o alumnado considera que se está a cumprir o obxectivo das sesións interactivas de fomentar unha mellor asimilación do contido das materias, e sinalan estar satisfeitos coas mesmas. Da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos estudantes neste sentido. As reunións dos/as coordinadores/as de curso co profesorado serven, así mesmo, para informar ao resto de profesores/as da existencia de estudantes que poidan requirir adaptacións específicas.

Dos **mecanismos de coordinación docente** xa se tratou no apdo. 2.2.1, polo que só cómpre aquí dar conta de en que medida contribúen á garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado. Como evidencia desta contribución, sinalar que as accións de mellora desenvolvidas no curso 2017-18 para promover entre o profesorado a coordinación das actividades de avaliación a desenvolver ao longo do semestre tivo unha boa acollida por parte dos e das estudantes, quen sinalaron, nas reunións cos/coas coordinadores/as de curso, que aprecian unha boa coordinación entre materias. Tal como se manifestou anteriormente, considérase apropiado manter a mesma liña de traballo e continuar con este procedemento de coordinación e supervisión nos distintos cursos do Grao.

En relación cos métodos de **avaliación da aprendizaxe**, a realización, en 2017-18, da acción de mellora AM_GPs-6 permitiu valorar o axuste dos programas do Grao en Psicoloxía coa información contida na MVT. A coordinación entre áreas, departamentos e a CT posibilitou a análise e a aprobación de axustes na porcentaxe das distintas actividades de avaliación nas distintas materias do Grao (exames, avaliacións formativas, traballos en grupo, asistencia e avaliación continua...) de modo que os procedementos de avaliación consideren, xunto co resultado final, o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.

As prácticas externas, de carácter obrigatorio, considéranse de esencial importancia, pois supoñen o primeiro contacto coa práctica profesional. Para poder garantir o acceso a todos/as os/as estudantes (do grao e tamén dos másteres), a Facultade mantén convenios con 282 dispositivos distribuídos por toda Galicia. O éxito das prácticas pódese constatar en varios indicadores; tal como se comentou na análise de resultados de aprendizaxe do título de Grao, o 97,97% dos/das estudantes matriculados amosaron unha cualificación moi satisfactoria (notable ou superior) e, ademais, os indicadores de satisfacción global de todos os grupos de interese (estudantes, titores/as profesionais, titores/as académicos/as) son moi bos (4,2; 4,21 e 4,15, respectivamente).

En relación cos **Traballos de fin de Grao** (asignación, supervisión, avaliación), a oferta de TFGs (192 temas) publicouse en xullo de 2017, e asignáronse 187 traballos. A CT considera que o procedemento (elección por orden de expediente en sesión presencial) non permite unha selección meditada do tema e titor/a de TFG, especialmente no alumnado que non ten expedientes máis altos. Por este motivo, e dado que se debían adaptar os procedementos pola aprobación do novo regulamento do TFG do Centro, decidiu incorporar unha acción de mellora, modificando o proceso de asignación para o curso 2018-19, de maneira que (1) o alumnado poida reflexionar sobre as súas preferencias de temática e ordealas mediante un formulario *online*, e (2) a asignación se realice por orde de expediente a través dunha ferramenta informática.

AM-9. Modificar o proceso de asignación do TFG, engadindo un formulario <i>online</i> que permita que os estudantes poidan reflexionar sobre as súas preferencias de temática.
--

As enquisas de satisfacción amosan unha boa valoración do proceso de supervisión, tanto por parte do alumnado como dos/as titores/as, con valores superiores a 4 (sobre 5) nos ítems sobre a duración e número de reunións, e índices de satisfacción xeral por riba do 7 sobre 10 (7,4 no caso dos/das estudantes, 7,2 no caso do profesorado). Por outra banda, aínda que se obtiveron mellores resultados que en anos anteriores (aprobaron o 83% dos TFGs asignados, o 99% dos presentados), o proceso de avaliación segue a ser o ítem que menor puntuación acadada nas enquisas de satisfacción (3,77 sobre 5 en estudantes, 3,6 en profesores). A CT, en todo caso, espera cambios nesta valoración dada a modificación do procedemento de avaliación aprobado no novo regulamento de TFG (AM_GPs-2 do curso pasado), que entra en vigor en 2018-19.

En canto á **mobilidade**, a taxa de mobilidade entrante aumentou lixeiramente respecto a anos anteriores (pasou do 8,16% no curso 2016-17 ao 9,85% no curso 2017-18). A enquisa de satisfacción, cuberta polo 14,45% deste alumnado, non permite facer unha análise rigorosa da súa valoración, pero, como en anos anteriores, un dos aspectos máis problemáticos é a súa integración cos/coas estudantes da USC. Neste sentido, a acción de mellora (AM_GPs-4) levada a cabo en 2017-18 probablemente chegou tarde, xa iniciado o segundo semestre. Ademais, dado que a acción descansaba na asignación de tarefas ao alumno-titor/a do programa A Ponte, só se leva a cabo cando esta praza está cuberta, o que non ocorre todos os cursos. Por iso, propónse unha modificación desta acción para fomentar o compromiso dos/as representantes de estudantes e delegados/as de curso co asesoramento e integración dos/as estudantes de mobilidade entrante.

AM-10. Fomentar o compromiso dos/as representantes de estudantes e delegados/as de curso co asesoramento e integración dos/as estudantes de mobilidade entrante.

Respecto da mobilidade saínte, só un/unha estudante completou o cuestionario de satisfacción (3,70% do total), polo que non se dispón de datos suficientes para facer unha análise deste aspecto. Por outra banda, como parte do plan de melloras executado en 2017-18, realizouse unha enquisa para indagar nas razóns da baixa participación do alumnado nos programas de mobilidade. A enquisa, cunha mostra de 77 estudantes, amosou como principais factores a escasez de axudas económicas (4,2 sobre 5), a falta de información (3,9 sobre 5) e as barreiras co idioma nas universidades de destino. Mentres que o Centro non ten competencias para solventar o factor máis sinalado nesta enquisa, a CT acordou incorporar unha acción de mellora dirixida a diminuír o impacto dos outros dous aspectos, mediante (a) a creación dunha sección de Preguntas frecuentes (FAQs) na sección de mobilidade da páxina web do centro; (b) incrementar a publicidade das charlas informativas relacionadas cos programas de mobilidade; (c) proporcionar información aos/ás alumnos/as de 1º e 2º sobre os requisitos de idiomas nos distintos destinos (programas Erasmus+ e Convenio bilateral).

AM-11. Desenvolver iniciativas que proporcionen maior información aos/ás estudantes do Grao sobre os programas de mobilidade.

No relativo aos **resultados da aprendizaxe e indicadores de rendemento**, como xa se detallou no apdo. 2.2.1, a CT constatou, un ano máis, taxas de éxito (92,08%) e de graduación (75%) superiores á media da USC (87,20% e 57,97%, respectivamente). As cualificacións amosan, en xeral, niveis similares aos anos anteriores, xa que no 70% das materias máis da metade do alumnado matriculado obtivo cualificacións de notable ou superiores. Unha análise máis detallada identifica, sen embargo, que nalgúns materias se produciron flutuacións destacables (superiores ao 15%) respecto ao curso anterior, tanto na porcentaxe de notas máis altas (sobresaliente e matrícula de honra) como na de suspenso. Propónse, por tanto, realizar un pequeno cuestionario para detectar posibles cambios no desenvolvemento das materias que poidan dar conta destas variacións, é dicir, tentar de obter exemplos de boas prácticas

que favorezan a adquisición de competencias por parte do estudiantado e identificar posibles dificultades que leven a un decremento nas taxas de éxito destas materias.

AM-12. Realizar enquisas para detectar exemplos de boas prácticas que favorezan a boa adquisición de competencias por parte do estudiantado e identificar posibles dificultades que leven a un decremento nas taxas de éxito.

Por último, en canto aos **indicadores de satisfacción**, como en anos anteriores hai que sinalar que as taxas de participación dos/das estudantes nas enquisas xerais da USC manteñense en niveis baixos (un 31,61% no caso da enquisa de satisfacción coa docencia recibida). Á marxe de manter as enquisas propias do centro para procesos específicos, semella necesario desenvolver estratexias que permitan aumentar a participación nas enquisas oficiais da USC, obxectivo dunha acción de mellora a desenvolver durante o curso 2018-19.

AM-13. Desenvolver iniciativas que permitan aumentar o nivel de participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado.

Os resultados das enquisas propias da Facultade aos estudantes do Grao, PDI e titores/as profesionais das prácticas externas, xa comentados con anterioridade, amosaron niveis altos de satisfacción respecto ás accións propias do Plan de Acción Titorial (Xornada de Acollda, Curso de Introducción á Biblioteca e Nivelación en Bioloxía), desenvolvemento das prácticas externas e TFG.

En canto á satisfacción coa docencia recibida dos/das estudantes do Grao, apréciase unha estabilización nun nivel satisfactorio nos ítems da enquisa, acadando unha puntuación media de 4,05 sobre 5, que iguala a puntuación máxima de anos previos, acadada no curso 2015-16, con dúas décimas por riba da puntuación do curso anterior. Cómpre asimesmo salientar que os ítems con maior puntuación son os referidos a “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” (4,38), “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” (4,35) e “Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico...)” (4,35), pero o ítem que acadou un maior incremento, de case medio punto, respecto do ano anterior refírese a “Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia” (pasou de 3,68 a 4,10). Estes resultados indican unha continua revisión da práctica docente para mellorar a planificación e os resultados de aprendizaxe nas distintas materias.

Por último, cóntase tamén cunha enquisa aos estudantes sobre a súa satisfacción global coa titulación. Novamente, cunha participación baixa (só o 9,41%), aínda que os resultados amosan aumentos en todas as áreas avaliadas, e se supera a media da USC en case todos os ítems, a CT considera conveniente esperar a que aumente a participación na mesma co fin de ter datos significativos para a súa análise.

A mesma reflexión se produce para a información obtida nas enquisas aos/ás egresados/as. Cun marcado descenso de participación respecto do ano anterior (do 20,42% ao 12,84%), os datos amosan a necesidade de establecer novas vías de promoción das enquisas e/ou obtención de información neste colectivo, que se reflicte nunha acción de mellora a implementar (a xa consignada AM-3).

AM-3. Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro.

Respecto do PDI, na enquisa de satisfacción coa docencia impartida, cunha porcentaxe de participación do 50%, obtívose unha valoración global de 4,01 sobre 5 puntos, lixeiramente superior á puntuación obtida o curso anterior (3,80). Este colectivo aprecia especialmente o nivel de coordinación do profesorado (4,50), os servizos de apoio á docencia (4,22) e os recursos materiais (4,35). Na enquisa de satisfacción global coa titulación, cunha participación

do 29,90%, este colectivo manifestou unha elevada satisfacción (superior a 4 sobre 5) nos ítems relativos a obxectivos e competencias da titulación; planificación e desenvolvemento das ensinanzas; recursos materiais e servizos, e xestión da calidade e, algo inferiores (entre 3,5 e 4), nos relativos a resultados académicos e orientación ao alumnado. En practicamente todos os ítems, a valoración foi superior (ata 0,5 puntos) á media da universidade.

En canto ao PAS, dispónse dunha enquisa que recolle a súa satisfacción co traballo, pero neste curso 2017-18 cubríuse un só cuestionario (taxa de resposta do 6,7%), o que impide facer unha valoración sobre a mesma.

2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

A **admisión de estudantes** realizouse segundo o establecido na MVT, coa modificación constatada no Informe de Renovación da Acreditación de 2018, relativa á eliminación da esixencia de que o título de Grao/Licenciatura en Psicoloxía de acceso pertencese á rama de Ciencias da Saúde. Este perfil garante, de acordo coa regulamentación do título, unha formación previa adecuada para o programa formativo.

Respecto da **orientación académica e profesional** ofrecida aos estudantes, ademais dos servizos xerais da USC, como a Oficina de Información Universitaria e a área de Orientación Laboral do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, toda a información relativa a cuestións de índole académica ponse a disposición a través de diferentes canles de difusión: o perfil de estudantes da web da USC, o sitio web da Facultade de Psicoloxía e o sitio da titulación. Polo que se refire aos programas de acollida e apoio ao alumnado de novo ingreso, a CT organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de acollida onde se proporciona información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias, centros dispoñibles para a realización das prácticas externas, procedementos de asignación de dispositivos de prácticas e de tutores. Ademais, na web propia do Máster poden consultar toda a información relevante para o desenvolvemento do curso. Desde a coordinación do Máster infórmase, ao longo do curso, respecto das convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc. Ademais realízanse reunións previas á incorporación do alumnado aos dispositivos dos Prácticum I e II, onde se lles dá a coñecer a oferta de prazas, resólvense dúbidas acerca das características dos dispositivos e lémbrese o procedemento de asignación estudante/centro. E, antes de finalizar o 2º semestre, lémbrense os aspectos fundamentais do desenvolvemento e procedemento dos TFM. En relación á orientación profesional, ademais do ciclo de conferencias sobre o exercicio profesional da Psicoloxía que organiza a Facultade, a coordinación do Máster convida a profesionais a impartir charlas sobre distintos ámbitos de actuación de interese para o psicólogo xeral sanitario, das que se informa na sección de “actividades complementarias” da web do Máster.

A **metodoloxía de ensinanza** empregada en cada materia está recollida nas respectivas guías docentes axustadas á MVT, segundo o modelo establecido pola USC, que recolle todos os aspectos esenciais da programación docente e permiten constatar o seu deseño orientado á aprendizaxe e a consecución das competencias asignadas. Como xa se sinalou no apdo. 2.2.3, durante o curso 2017-18 materializáronse os axustes feitos tras a actualización dos programas das materias que levou a cabo o equipo docente do Máster e a CT. Da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos estudantes neste sentido. As reunións dos coordinadores de curso cos profesores serven, así mesmo, para informar ao resto de profesores da existencia de estudantes que

podan requerir adaptacións específicas. Durante este curso non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

En canto aos **mecanismos de coordinación docente**, tamén foi sinalado xa no apdo. 2.2.3 que anualmente se realizan reunións de coordinación cos estudantes e cos docentes do Máster, tanto no primeiro como no segundo semestre, que permiten a detección de desaxustes ou novas necesidades que afecten ao correcto desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

Os esforzos de coordinación levados a cabo manteñen elevado o nivel de satisfacción do alumnado coa coordinación entre o profesorado dunha mesma materia, que pasaron do 3,10 do curso anterior ao 3,89 durante o curso 2017-18. Por parte do profesorado, a satisfacción coa coordinación dentro dunha mesma materia é moi elevada, 4,50, e tamén mellorou substancialmente a satisfacción coa coordinación entre materias, que pasou dun discreto 2,5 no primeiro ano ao actual 3,79.

En canto a coordinación das prácticas externas, destacar a que se realiza cos titores externos dos Prácticum a través dos profesionais que ocupan as prazas de Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde (PACS), que coordinan aos titores profesionais pertencentes ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Pola súa parte, desde a coordinación do Título contáctase, antes de publicar a oferta de prácticas, con todos os titores profesionais (SERGAS e centros privados), para coñecer a súa dispoñibilidade de prazas. Esta coordinación no proceso de oferta e asignación de prácticas permitiu que nestes anos non se producisen incidencias reseñables que afectasen o desenvolvemento das prácticas. Unha vez iniciadas as prácticas, os titores académicos manteñen un contacto continuado tanto cos correspondentes titores profesionais como cos estudantes para supervisar que as prácticas se desenvolven conforme o previsto. A valoración que os estudantes realizan, nas enquisas propias do máster (INF-P-MPXS-02), respecto da súa satisfacción coas prácticas reflicte esta boa coordinación (4,6 sobre 5 para o Prácticum I e 4,4 para o Prácticum II).

O sistema de **avaliación da aprendizaxe** de cada unha das materias do Título recóllese nos programas das materias/guías docentes. Para garantir o adecuado desenvolvemento das actividades formativas e o cumprimento das metodoloxías de aprendizaxe e os sistemas de avaliación, compróbase periodicamente, por parte da CT, que se axustan ao previsto na MVT e ás actualizacións resultado do seguimento; particularmente, revísase que os sistemas de avaliación sexan os adecuados para a consecución dos resultados de aprendizaxe do título.

En particular, durante o curso 2017-18 actualizouse o procedemento de avaliación das materias Prácticum I, Practicum II e TFM, coa mellora do sistema de rúbrica. Nos casos dos Prácticum I e II, o sistema de rúbrica reformulouse para que nel se reflectan as competencias distintivas que deberían ser valoradas, diferencialmente, polo titor profesional e o titor académico, coa súa respectiva ponderación; incluíuse, ademais, a posibilidade de que até un 10% das actividades prácticas realizadas polo alumnado podan ter carácter non presencial.

O novo sistema de avaliación do TFM recóllese na Normativa do mesmo aprobada en 2018. Nela estableceuse que, a diferenza do que estaba previamente establecido, o/a titor/a do TFM debe valorar, non só cualitativamente, senón tamén cuantitativamente, o traballo. Para facelo, redeseñáronse os correspondentes cuestionarios para seren incorporados no sistema de rúbricas. Así mesmo, no programa da materia inclúese una descrición máis detallada das distintas modalidades de TFM, co fin de favorecer a maior especificación e homoxeneización dos traballos. Para a obtención da cualificación final, estableceuse unha proporción de 60/40 para a valoración do tribunal e do/a titor/a, respectivamente.

En relación ás **prácticas externas**, xa se indicou en 2.2.1 que a Facultade mantén convenios con 282 entidades en toda Galicia; deles, 34 cumpren os requisitos para poder ofertar prácticas no MUPXS; durante o curso 2017-18 sumáronse cinco novos centros. Débese sinalar que algúns

dos convenios corresponden a organismos que engloban a diversos dispositivos (v.g., Servizo Galego de Saúde, Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia); polo que a oferta de dispositivos para prácticas externas (50 en 2017-18) é suficiente para garantilas e mesmo para posibilitar certo grao de axuste a intereses de formación específicos do estudiantado. O proceso de asignación realízase por elección dos/as estudantes con prelación determinada polo expediente académico, e da súa coordinación deuse conta máis arriba. O bo axuste das prácticas externas ao proceso de formación dos/as estudantes reflíctese nos resultados da súa avaliación xa indicados no apdo. 2.2.2 e, particularmente, polas cualificacións medias outorgadas polos titores externos, que foron de 9,5 e 9,3, respectivamente, para Prácticum I e II, así como pola valoración xeral de satisfacción nas mesmas (4,29 sobre 5 entre os estudantes, 4,62 entre os titores académicos).

Dito isto, convén sinalar que nalgunha das reunións cos estudantes, algúns deles teñen manifestado que as prácticas non se axustaron ás súas expectativas previas, a pesar de ter dispoñible na web as ligazóns cos máis dos dispositivos. Por esta razón, propónse organizar, de cara a 2019-20, sesións informativas previas á elección/asignación de centros de prácticas nas que se clarifique o tipo de actividades a realizar en cada un.

No que toca ao **TFM**, o proceso de asignación realízase, conforme ao establecido na súa normativa, por elección dos/as estudantes, en sesión pública, por orde de expediente, sobre unha oferta presentada pola CT ao comezo do curso e que en 2017-18 foi de 38 temáticas. Estas temáticas representan un amplo abano de ámbitos de estudo e aplicabilidade dentro do campo disciplinar propio do Máster: drogodependencias e condutas aditivas, calidade de vida en persoas con trastornos mentais ou de saúde crónicos, intervención psicolóxica en nenos e adolescentes en situación de risco psicosocial, avaliación e intervención neuropsicolóxica en distintos tipos de pacientes, entre outros ámbitos de traballo relevantes para o psicólogo xeral sanitario. As enquisas aplicadas pola CT indican que neste curso, 2017-18, a valoración do proceso do TFM foi a máis elevada que se acadou até o momento, cun 4,4 sobre 5.

En canto á **mobilidade**, o MUPXS ten unha estrutura e contidos regulados, polo que os estudantes teñen que cursar módulos de contido concretos, así como realizar as prácticas externas supervisadas en centros sanitarios que teñen que cumprir requisitos moi específicos. Esta particularidade dificulta moito atopar estudos semellantes fóra de España, e tamén a flexibilidade necesaria para levar a cabo a mobilidade dentro de España e que os estudantes podan obter o título nos 3 semestres previstos. Ademais das dificultades sinaladas previamente, debemos sinalar que o estudiantado tamén considera complexo este aspecto pola falta de axudas económicas para a mobilidade.

No relativo aos **resultados da aprendizaxe e indicadores de rendemento**, como xa se detallou no apdo. 2.2.3, as cualificacións obtidas nas materias obrigatorias e optativas no curso 2017-18 son moi satisfactorias, e indicativas de que os procesos de ensino/aprendizaxe contribúen a favorecer a aprendizaxe do alumnado. Igualmente, as excelentes cualificacións nas prácticas externas (Prácticum I e II) e no TFM indican un elevado grao de adquisición ds competencias do título e a súa adecuada correspondencia coas requiridas para o exercicio profesional, un aspecto de particular relevancia nun máster profesionalizante.

En conclusión, a valoración global dos indicadores de rendemento acadados no curso 2017-18 é moi positiva, e supera os obxectivos fixados na MVT, tal como se resume a continuación:

- Taxa de avaliación e Taxa de rendemento: acadan o 98,2%, o cal supera con creces o obxectivo inicialmente proposto na MVT (un 80%).
- Taxa de éxito: 100%, o cal sitúa un 0% a taxa de abandono, e supera as previsións iniciais do título que situaba como obxectivo a superación do 85% dos créditos.

Con respecto aos **indicadores de satisfacción**, reflicten una evolución favorable. Nas enquisas institucionais realizadas *online* pola USC, os indicadores de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida seguen a ser elevados, cunha puntuación media de 3,97 sobre 5. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén é equiparable á obtida en anos anteriores, alcanzando unha puntuación de 4,42. En relación ás prácticas externas, o grao de satisfacción do alumnado amosou puntuacións medias altamente satisfactoria e lixeiramente superiores as do curso anterior (4,29); a satisfacción dos titores académicos alcanzou o 4,62 sobre 5. Cómpre seguir subliñando o elevado grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, a pesar de que os titores profesionais veñen colaborando de maneira altruísta na formación práctica dos estudantes, coa particularidade engadida de que as características deste título dan unha relevancia fundamental as prácticas supervisadas, ás que se dedican 30 dos 90 créditos do título.

A través das enquisas propias aplicadas pola CT, con niveis moito máis elevados de participación, tamen poñen de manifesto que o grao de satisfacción dos estudantes, tanto coa docencia recibida como coas prácticas externas, foi moi elevado. No primeiro caso, acadouse un nivel de satisfacción medio de 4,2 sobre 5. En canto á satisfacción coas prácticas externas, a puntuación media foi de 4,4 no Prácticum II e de 4,6 no Prácticum I. Sobre a organización e desenvolvemento do TFM, como xa se indicou, a valoración foi de 4,4 sobre 5. Finalmente, a satisfacción xeral do alumnado co Máster acada un valor de 4 sobre 5.

Tamén hai que sinalar que o grao de satisfacción xeral dos egresados coa información pública dispoñible é de 3,60, e o de satisfacción cos servizos de 3,67.

Á luz dos indicadores comentados, todos os resultados apuntan a que o título se desenvolveu satisfactoriamente, durante o curso 2017-18, en relación coa garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.

2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

En relación coa **admisión de alumnado**, todos os estudantes admitidos en todas as universidades participantes deben ser graduados ou licenciados en Psicoloxía, tal como se indica nos requisitos de acceso na memoria do título por considerarse este o perfil necesario para un adecuado aproveitamento da formación que fornece o máster.

En todas as universidades participantes desenvólvense accións de **apoio e orientación aos estudantes**:

1) Durante o periodo de preinscrición e inscrición: (a) os/as coordinadores/as responden de forma individualizada a todas as solicitudes e preguntas sobre o proceso de preinscrición e inscrición. Proporcionan información, oral e escrita, ademais da dispoñible nas webs, acerca de horarios, contidos, metodoloxía docente, profesorado, ámbitos de aplicación, centros de prácticas externas e continuidade formativa do máster con estudos de doutoramento; (b) o persoal das unidades administrativas (facultades, unidades de orientación e matrícula) proporcionan a información correspondente sobre o proceso de inscrición e matrícula.

2) Programa de acollida consistente en: (a) reunión xeral cos estudantes con asistencia do/da coordinador/a para informar sobre programa, calendario, sistema de titorías, plan de mobilidade interuniversitario, prácticas externas e servizos dispoñibles nas respectivas facultades.

3) Plan de acción titorial: cada estudante ten asignado un/unha titor/a, que o orienta a respecto do TFM, plan de prácticas e currículo formativo, proceso de adquisición de competencias e resultados de aprendizaxe ou continuación de estudos no doutoramento. Os/as titores/as académicos/as son tamén os responsables da titorización dos TFM.

A **metodoloxía de ensino** está adaptada ás necesidades específicas de aprendizaxe de cada materia, como pode comprobarse nos programas e guías docentes das mesmas.

As **prácticas externas** realízanse, en todas as universidades, en centros conveniados que dispoñen de medios persoais e materiais adecuados. A oferta de centros é moi superior ao número de alumnos matriculados, e por tanto poden elixir de acordo coas súas preferencias profesionais e persoais.

Os **Traballos fin de Máster** son acordados e supervisados cos titores académicos con tempo suficiente para que poidan ser desenvolvidos, e procúrase que teñan relación cos traballos que os/as estudantes realizan nas prácticas externas.

A **satisfacción do alumnado** coa docencia recibida é moi alta en todas as universidades participantes: Universidade de Barcelona, 4,5/5; Universidade de Salamanca, 4,5/5; Universidade de Santiago de Compostela, 4,6/5; e Universidade de Valencia, 4,1/5.

2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Accións para promover a formación do profesorado.
 - Mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.

2.4.1. Persoal académico

O **nivel de suficiencia e adecuación** do cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Psicoloxía é bo, no contexto actual da Universidade pública en España, habida conta das necesidades dos programas formativos previstos nas respectivas memorias de verificación. Así foi considerado nos respectivos informes externos de reverificación. Nas seguintes táboas, preséntanse as características do persoal académico que participa nos distintos títulos que se imparten na Facultade de Psicoloxía, en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora.

Datos por categoría do profesorado e titulación

No conxunto dos títulos da Facultade, a maioría do profesorado ten vinculación permanente: 92% no Grao en Psicoloxía (excluído do cómputo o Persoal Investigador en Formación), 100% no MUPXS e, unicamente, descende ao 55% no caso do MUPXer, por contar cun número significativo de persoal externo á Universidade, profesionais do ámbito da disciplina.

Tamén é elevado, por riba da media da universidade española, a porcentaxe de profesorado doutor: 97,6% no GPs (novamente excluíndo do cómputo ao persoal investigador en formación), 100% no MUPXS, 72,2% no MUPXer.

Nos cadros seguintes preséntase o detalle das categorías e cualificación do profesorado en cada título, coa porcentaxe de horas das que se fan cargo:

GRAO PSICOLOXÍA

Categoría profesorado	NºProf.	%	%Doctores/as	%Horas
Catedrático/a de Universidade	15	15,46	100	15,79
Titular de Universidade	48	49,48	100	57,73
Contratado Doutor	13	13,40	100	10,52
Asociado de Universidade LOU	1	1,03	100	0,62
Axudante Doutor LOU	1	1,03	100	1,90
Contratado Interino	5	5,15	60	4,57
<i>Contr. Predoutoral Ministerio</i>	8	8,25	0	4,86
<i>Contr. Predoutoral Xunta</i>	6	6,19	0	4,00
Total	83+14²	100	83,51³	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Categoría profesorado	NºProf	%	%Doctores/as	%Horas
Catedrático/a de Universidade	2	9,52	100	14,05
Titular de Universidade	13	61,90	100	58,07
Contratado Doutor	5	23,81	100	27,32
Profesor Colaborador	1	4,76	100	0,56
Total	21	100	100	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA

Categoría profesorado	NºProf	%	%Doctores/as	%Horas
Catedrático/a de Universidade	1	5,56	100	7,66
Titular de Universidade	6	33,33	100	56,50
Contratado Doutor	3	16,67	100	18,88
Asociado de Universidade LOU	4	22,22	50	9,03
Axudante Doutor LOU	1	5,56	100	6,02
Profesional área externa	3	16,67	0	1,92
Total	18	100	72,22	100

Experiencia docente e investigadora

A experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente, é tamén un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos títulos. Este nivel é tamén considerablemente sólido, ao situarse nunha media de entre 4 e 4,6 quinquenios e de entre 2,3 e 2,5 sexenios por profesor/a (tendo en conta para esta estimación o profesorado que pode optar a este tipo de complementos que, como se indicou anteriormente, é a maioría dos que imparten docencia nestes títulos).

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia docente e investigadora para os títulos obxecto desta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o que

² Desglósase en función da tipoloxía como profesorado con plena capacidade docente e persoal en formación.

³ O formato do informe E15, no que non se diferencia o profesorado con plena capacidade docente do Persoal Investigador en Formación (a quen só se lle asigna docencia baixo a responsabilidade dun profesor/a con plena capacidade que ten tamén asignadas esas horas) distorsiona á baixa as porcentaxes. Así, neste caso, a porcentaxe de doutores sobre o cadro real de profesorado no Grao é do 97,6%, ben por riba do 83,51% que figura neste cadro.

permite observar a distribución do profesorado entre ás áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

GRAO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	16	40	68
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	5	18	27
[725] Psicobioloxía	14	38	57
[730] Psicoloxía Básica	14	27	74
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	10	23	46
[740] Psicoloxía Social	6	13	29
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	11	31	50
Total	76	190	351

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[650] Organización de Empresas	1	0	4
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	15	39	62
[725] Psicobioloxía	5	12	22
Total	21	51	84

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	1	3	3
[725] Psicobioloxía	3	8	14
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	2	7	8
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	2	3	6
[745] Psiquiatría	1	2	6
[805] Teoría e Historia da Educación	1	0	3
Total	10	23	40

Tamén resulta ilustrativo o cadro seguinte, que sitúa a porcentaxe de profesorado funcionario, profesorado doutor e profesorado con sexenios en relación coa media da USC:

COMPARACIÓN DE INDICADORES COA MEDIA DA USC

Indicador	USC-	Grao	USC	MU	MU
	Grao	Ps		Máster	PXS
% do PDI con sexenios sobre o PDI total	81,8	89,4	82,4	90,0	80,0
% do PDI doutor sobre o PDI total	83,2	97,5	87,4	100	86,6
% do PDI funcionario sobre o PDI total	59,8	76,8	58,9	71,4	46,6

En canto á suficiencia do cadro de profesorado, no Grao en Psicoloxía é adecuada en promedio. A dotación permite unha organización docente cunha media de 81,47 estudantes por grupo de docencia expositiva moi aproximada ao previsto na MVT, de 80 estudantes por grupo. No caso da docencia interactiva a media de estudantes por grupo (22,61) está tamén próxima aos 20 previstos na MVT, pero cabe sinalar que este dato non permite visualizar o feito de que algunhas materias, en razón da insuficiencia de profesorado en certas áreas de coñecemento, se sitúa por riba dos 26 estudantes por grupo.

Nos másteres, as ratios tamén se axustan ao preestablecido nas correspondentes MVT; de novo, non obstante, atópanse grupos de clases interactivas, no MUPXS, por riba dos 20 estudantes desexables, debido a que non ten sido autorizado, polo momento, pola Vicerreitoría con competencias na materia o cambio de módulo solicitado en 2017-18 (como se pode ver nas accións de mellora executadas -epígrafe 3.1 desta Memoria-).

No relativo á **tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos diferentes niveis**, a seguinte táboa amosa, para o Grao en Psicoloxía a asignación de profesorado aos distintos tipos de materias (formación básica de 1º curso, prácticas externas e TFG). Nela pode apreciarse que a distribución por cursos é equilibrada en canto a categorías; así mesmo, a práctica totalidade do profesorado da titulación -xa que logo, de todas as categorías- ten encargo na titorización de prácticas externas e TFG. No caso dos másteres dase unha situación similar, con profesorado de todas as categorías con responsabilidade en materias obrigatorias e optativas e titorización de TFM e prácticas externas.

TIPOLOXÍA DE PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NOS DISTINTOS NIVEIS DO GRAO EN PSICOLOXÍA					
	CU	TU	CDR	AXUDR	Contr. Interino subst.
1º curso	3	17	6	-	1
2º curso	8	17	1	1	1
3º curso	4	10	3	-	2
4º curso	5	9	4	1	1
Prácticum	9	31	9	1	-
TFG	14	44	11	-	-

En canto ás oportunidades para a **formación do profesorado e a mobilidade**, a USC conta cun programa estable de Formación e Innovación Docente (PFID), que oferta cursos continuamente ao longo do curso académico. A participación neste programa do profesorado do Centro é continuada, se ben con porcentaxes que varían de ano a ano, segundo se pode observar no informe do indicador I6.

**PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI DOS TÍTULOS NOS PLANS DE FORMACIÓN,
2017-18**

Grao en Psicoloxía	21,6
Máster Universitario en Psicoxerontoloxía	16,7
Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria	3,8

Esta variación pode deberse a factores diferentes, desde as dificultades para compaxinar horarios até a oportunidade das temáticas ofertadas, habida conta que a oferta mantén actividades estables e só unha porcentaxe pequena de novidades anuais. Unha opción para aumentar a participación é a organización de cursos en función do interese do persoal, polo que desde o Centro plantéxase recompilar estes intereses e propoñer ao PFID a organización destes cursos.

AM-14. Poñer en marcha un proceso de recollida de propostas de cursos de interese para o PDI/PAS da Facultade e trasladalo aos programas de Formación da USC para a súa realización na Facultade de Psicoloxía.

Outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador, é a da mobilidade e as estadias de investigación. Neste caso, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións é relativamente baixa (indicador I10), o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas, o que dificulta a súa realización.

Esta limitada participación en accións de mobilidade non impide, non obstante, que o persoal académico do Centro realice unha significativa **actividade investigadora**. Actualmente, na base de datos da Vicerreitoría con competencias en investigación están rexistrados 11 grupos de investigación que agrupan a máis de 60 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía que imparten docencia nos seus títulos.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS DPTOS. ADSCRITOS Á FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Código	Nome	Nº membros PDI Fac. Psicoloxía
GI-1414	Avaliación e tratamento das adicións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde	5
GI-1416	Unidade de investigación das condutas de risco e os trastornos no desenvolvemento	6
GI-1420	Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención	6
GI-1455	Grupo de investigación en Cognición Humana	5
GI-1456	Comportamento Social e Psicometría Aplicada	6
GI-1462	Imaxe Mental	1
GI-1806	Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.	10
GI-1807	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía	11
GI-1842	Procesos cognitivos e conduta	7
GI-1875	Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa	4
II-2030	[Sen denominación]	1

Deles, cando menos seis teñen recoñecida externamente a súa consistencia a través das axudas para estruturación e consolidación dos grupos de investigación do organismo de I+D da Xunta de Galicia, ben como grupos de potencial crecemento (4), ben como grupos de referencia competitiva (2).

En síntese, pódese considerar que o persoal académico responsable dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Cómpre sinalar, non obstante, que o cadro de PDI presenta unha ameaza a medio prazo, radicada na elevada idade media do profesorado (57 anos, cun 36% do profesorado con 60 ou máis anos). As xubilacións dos últimos anos xa teñen deixado a dúas áreas de coñecemento cunha ratio encargo/capacidade docente inferior á desexable, e este mesmo problema ameaza con extenderse nun futuro próximo ás restantes. Corresponde aos Departamentos, órganos coa responsabilidade nesta materia, poñer de manifesto esta situación para que se empecen a adoptar medidas no marco do Plan Estratéxico da USC e ao abeiro do *Proceso Institucional PI-03* do seu SGC.

2.4.2. Persoal de apoio

Polo que se refire ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), o título conta con persoal de apoio suficiente tanto en número (28 PAS) como en cualificación, sendo esta axeitada tendo en conta as características do Centro e dos títulos. É importante sinalar que, tanto o persoal de biblioteca como o de conxerxería é compartido coa Facultade de Ciencias da Educación.

PERSOAL DE APOIO. FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2017-18		
Área	Categoría / Grupo	Nº postos
Administración	Xestión / Grupo A1/A2	1
	Administración / Grupo C1/C2	6
Biblioteca	Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo A1/A2	7
	Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo C1	7
Conserxería	Oficial de servizos / Grupo 4.1	6
	Auxiliar Técnico Informático / Grupo 4.1	1
Total		28

Destaca a figura do/a xestor/a de Centro e Departamentos, que ten entre as súas funcións a coordinación do personal administrativo para as tarefas de xestión académica (apoio á xestión de Prácticum, TFG, recoñecemento de créditos, mobilidade) e de orientación a estudantes nos aspectos administrativos destas cuestións. Destacar tamén a excelente dotación de persoal no ámbito da Biblioteca do Centro, que participa de modo habitual en tarefas de formación e asesoramento aos/ás estudantes en relación coa búsqueda e selección de información bibliográfica, ademais de realizar anualmente a revisión da dispoñibilidade da bibliografía recomendada nos programas das materias, e que participa activamente na presentación dos servizos da Biblioteca a potenciais futuros estudantes dentro do programa A Ponte. O grao de satisfacción do PAS co seu traballo é superior á media da Universidade,

A USC conta, tamén para o PAS, cun Programa de formación estable, e os datos indican unha notable participación do persoal do Centro nas actividades que organiza. Se ben, como ocorre co persoal académico, as porcentaxes de participación teñen unha certa variabilidade ao longo dos anos, determinada pola tipoloxía dos cursos ofertados, en 2017-18 ascendeu a un 55%, superior á do curso previo (41,4%). Este colectivo tamén se podería ver beneficiado de articularse unha solicitude desde o Centro de accións de formación 'a demanda', neste caso dirixidas ao Programa de Formación de PAS (ver AM-14).

2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Xestión dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Mantemento dos recursos materiais e servizos.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

As **infraestruturas e recursos materiais** postos a disposición do alumnado e o seu proceso formativo son, en xeral, adecuados para atender ás necesidades das titulacións adscritas á Facultade. Tanto os espazos físicos (aulas, laboratorios e seminarios docentes, biblioteca) como os recursos informáticos, audiovisuais e de conexión á rede son apropiados para o desenvolvemento das diversas metodoloxías docentes empregadas nas distintas materias dos títulos (de grao e máster) que se imparten na Facultade. En particular, as 11 aulas de propósito xeral dispoñen dos medios materiais requiridos para garantir a boa práctica docente: computador, vídeoproxector, internet, TV e vídeo e altosfalantes; tres delas contan con micrófono/megafonía para o persoal docente. Igualmente, os 11 laboratorios e 10 seminarios de docencia práctica teñen a capacidade adecuada (entre 20 e 40 postos) e unha dotación de equipamento suficiente e específico (equipos informáticos, equipos de laboratorio, tests de avaliación psicolóxica, materiais de avaliación e intervención neuropsicolóxica...).

A adecuación desta dotación depende da súa renovación e substitución continua, así como da detección de novas necesidades, para o que se planifica anualmente a dotación de investimento en función da dispoñibilidade económica, de acordo co proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos*. En particular, o equipo decanal ten identificado, a través de consultas aos grupos de interese (profesorado e alumnado), a necesidade de dotar de máis ordenadores ao Laboratorio de Psicoloxía Básica, utilizado para as clases interactivas de

diversas materias obrigatorias do grao en Psicoloxía, o que se formula como acción de mellora a executar en 2018-19.

AM-15. Incrementar a dotación de ordenadores do laboratorio docente de Psicoloxía Básica.

Ademais, o alumnado demanda dispoñer dun local para uso propio que, ademais de para facer reunións, poida utilizarse para xantar. Como acción de mellora 2018-19 proporase a reforma ou readaptación dun espazo na Facultade para este fin.

AM-16. Reformar/adaptar un local da Facultade como sala de xantar.

Nesta identificación de necesidades cómpre sinalar tamén que en 2017-18 se iniciou a dotación de puntos de toma de corrente nas aulas dos módulos A e B para posibilitar que o alumnado conecte os seus equipos portátiles (ver AM_C-4, no apdo. 3.1 desta Memoria). Cumpríuse coa primeira fase, dotando de estas tomas a dúas aulas, e se continuará, en función do orzamento dispoñible, como acción de mellora 2018-19, e que, probablemente, deberá continuarse nos anos seguintes.

AM-17. Executar a segunda fase da dotación de tomas de corrente nas aulas.

Así mesmo, a Facultade conta con **cobertura de rede sen fíos** para a conexión a internet en todas as instalacións, con base nun plan de incremento da cobertura que se iniciou hai varios anos. Cumprindo as accións de mellora propostas en anos anteriores, conseguíuse substituír os puntos de sinal existentes por outros máis potentes e tecnoloxicamente máis avanzados, así como instalar novos puntos até acadar o 100% de cobertura nos módulos A e B da Facultade. Non obstante, asociado á dotación de tomas de corrente, que permite un uso máis intensivo de ordenadores portátiles nas aulas, tense detectado a necesidade de reforzar a cobertura da rede sen fíos, o que se contempla tamén como unha acción de mellora a executar en 2018-19.

AM-18. Reforzar a cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.

No referente ás normativas de **accesibilidade universal**, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Nos últimos anos, para facilitar non só o acceso, senón tamén a plena integración nas dinámicas de ensino-aprendizaxe, adaptouse unha de cada dúas aulas ordinarias de clase por curso substituíndo unha bancada fixa por postos libres de modo que sexan utilizables en cadeira de rodas, e dotouse, especificamente, a unha aula con mobiliario móbil para o traballo interactivo en pequeno grupo, polo que está plenamente adaptada a calquera circunstancia de mobilidade reducida.

No relativo aos servizos, a **Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e CC. da Educación** conta con sistema de acceso directo aos fondos documentais e zonas habilitadas para o traballo en grupos. Tamén se dispón dun auto-servizo de impresión e despacho de reprografía. Así mesmo, dispón de suficientes fondos bibliográficos, especializados e actualizados. O persoal da Biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias da totalidade dos títulos do Centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias e, parcialmente tamén, desde fóra da USC mediante o servizo de "proxy autenticado". A adecuación do Servizo da Biblioteca reflíctese no mantemento dos altos índices de satisfacción informados nas enquisas realizadas aos distintos grupos de interese. Tanto o alumnado como o profesorado dos estudos de grao, amosan unha valoración superior á media da USC (4,03 e 4,32 sobre 5, respectivamente) en relación á dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación. O mantemento de elevados niveis de

satisfacción en relación con este aspecto apréciase tamén nas valoracións realizadas polo profesorado dos distintos másteres impartidos durante o curso 2017-18: para o MUPXS sitúase en 4,08, e en 4,6 para o MUPXer. En canto ao estudiantado, consígnase unha valoracións de 3,43 (significativamente inferior á do cursos previo a pesar de non haber un cambio significativo nos recursos dispoñibles) no MUPXS. Indicar, finalmente, que o informe da enquisa de satisfacción de egresados/as (2017-18) amosa que se manteñen os índices de valoración positivos do servizo da Biblioteca (satisfacción 4 sobre 5) non obstante, estas valoracións deben interpretarse con cautela debido aos baixos índices de participación nestas enquisas, que non superan o 10-15%.

En canto aos **servizos de orientación e acollida**, indicar a razoable atención ás necesidades proporcionada polo Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU) da USC para alertar das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, e o funcionamento sen incidencias doutros servizos centrais como o de bolsas e axudas ao estudo. No relativo á Facultade, no curso 2017-18 continuouse coas accións contempladas no Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Psicoloxía, desenvolvéndose actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes desde o seu ingreso ata a finalización dos seus estudos. As accións de acollida (incluíndo a orientación previa do programa “A Ponte”) analízanse no capítulo 2 desta Memoria, dedicado ao seguimento dos aspectos de organización e desenvolvemento do título de Grao. En relación ás accións de orientación, seguíronse desenvolvendo distintas actividades destinadas a orientar ao alumnado, ao longo dos seus estudos, en aspectos como os programas de mobilidade, TFG e Prácticum. Salientar que no marco do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria desenvolvéronse, ao longo do curso 2017-18, diversas conferencias a cargo de profesionais ao fin de aproximar aos/ás estudantes ao exercicio profesional da Psicoloxía no ámbito sanitario. No que respecta aos servizos de orientación profesional, ademais do asesoramento e obradoiros formativos organizados pola Área de orientación laboral e emprego da USC, cómpre salientar as actividades desenvolvidas no Centro a este respecto. En concreto, leváronse a cabo unha charla sobre estudos de posgrao das titulacións do centro e un ciclo de charlas sobre a práctica profesional da Psicoloxía; esta última valorada moi positivamente polo alumnado (satisfacción global 4,3 sobre 5; INF-P-GPS-09). As enquisas de satisfacción do alumnado, tanto de grao como de máster, amosan, en liñas xerais, unha tendencia estable nos índices de satisfacción respecto do curso 2016-17 en relación á información e orientación recibida na titulación e a orientación profesional e laboral.

Os **servizos de atención ao estudante** son apropiados para orientalos en temas relativos á xestión académica (matrícula, tramitación de solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, etc.). Estes servizos están plenamente informatizados a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que lles permite realizar calquera trámite as 24h do día desde calquera lugar. A USC ten implementada, ademais, unha Sede electrónica, que facilita a relación administrativa do estudiantado coa institución por vía exclusivamente dixital, posibilitando a realización de distintos trámites e consultas de nivel xeral: tableiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes-e, etc. Os servizos de atención ao estudante postos á súa disposición a través de plataformas tecnolóxicas se complementan coa atención presencial que se presta, na Facultade, a través da Unidade de Xestión do Centro e, a nivel xeral, na Unidade de Xestión Académica Sur, á que están asignados os estudos da Facultade de Psicoloxía. O informe da enquisa de satisfacción de egresados/as (2017-18) amosa que, en relación á satisfacción coa información e xestión académica, mantéñense as valoracións positivas sobre a idoneidade da Oficina de Información Universitaria (3,05 sobre 5) e da Unidade de Xestión Académica (3,11 sobre 5) para obter información.

Por outra parte, tanto docentes como estudantes contan co **Campus Virtual da USC** como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Indicar que a USC oferta diferentes cursos

no Plan de Formación e Innovación Docente orientados a obter o maior rendemento desta ferramenta en tarefas de avaliación, comunicación interactiva e información ao estudantado. As enquisas da satisfacción do alumnado coa titulación amosan o mantemento dunha valoración global positiva (3,75 sobre 5) sobre a plataforma de docencia virtual e as ferramentas multimedia. En relación aos estudos de máster, observouse un descenso na valoración realizada polo alumnado do MUPXS (3,14 no 2017-18 fronte a 4,43 no 2016-17), aínda que con índices de satisfacción similares á valoración media nos másteres da USC (3,36). As enquisas de satisfacción do profesorado, tanto do grao como dos másteres, amosan o mantemento de valoracións superiores ao 4 sobre 5 en relación coas plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia. Sinalar neste punto que os índices de satisfacción de egresados/as en relación aos recursos tecnolóxicos (Campus Virtual, Secretaría Virtual, redes wifi etc.), tamén amosa unha valoración superior ao 4 sobre 5 (4,16).

Tendo en consideración estes datos, os servizos dispoñibles para o desenvolvemento dos títulos ofertados polo centro considéranse adecuados. Como mostra do mantemento desta adecuación, as enquisas que valoran o grao de satisfacción dos/as egresados/as sobre a xestión dos servizos dispoñibles amosan unha alta valoración tanto nos estudos de grao (4,02 sobre 5, IN33-PS-03) como nos estudos de máster (IN33M-PS-03: MUPXS: 3,67).

Por último, no relativo aos **recursos para a realización de prácticas externas**, indicar que, como xa foi sinalado, a Facultade de Psicoloxía mantén convenios con 282 centros de prácticas que ofertan unha media aproximada anual de 220 prazas para o alumnado de 4º de Grao e 80 prazas para o alumnado dos másteres. Durante o curso 2017-18, realizaron as súas practicas externas nestes centros un total de 131 estudantes de grao, 33 estudantes do MUPXS e 9 estudantes do MUPXer. Os centros abranguen os distintos ámbitos de exercicio profesional da Psicoloxía; trátase de dispositivos da rede pública, de asociacións e de centros sanitarios ou gabinetes de atención psicolóxica privados nos eidos da saúde mental de adultos e infanto-xuvenís, condutas aditivas, orientación familiar, trastornos alimentarios, rehabilitación psiquiátrica, atención psicoxerontolóxica, servizos psicoeducativos ou servizos sociais. Os convenios en vigor permiten dispoñer dun número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante e nunhas condicións axeitadas. Isto se reflicte nos excelentes niveis de satisfacción dos egresados do Grao coas prácticas externas realizadas, que se manteñen ano a ano e que, no curso 2017-18 se situou en 4,2 puntos sobre 5. Nos másteres, os niveis de satisfacción son igualmente elevados: 4,3 para o MUPXS, e 3,8 para o MUPXer. En relación á satisfacción dos titores profesionais, os niveis acadados seguen a ser elevados, para todos os títulos do Centro superan os 4,2 sobre 5 puntos.

2.6. Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento dos seus estudos, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia e utilidade da información pública.
- Resultado da análise de todas as accións desenvolvidas sobre a información pública.

A xestión da información pública da Facultade de Psicoloxía desenvólvese conforme ao explicitado no proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante das titulacións que nela se imparte se fai pública, se revisa periodicamente e se actualiza co fin de manter informados aos grupos de interese.

A canle principal para poñer a disposición a información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na [Táboa de Información mínima a publicar](#), anexa ao manual do SGC e que se revisa, e de ser o caso se actualiza, anualmente.

A información máis xeral, para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade, na sección “Estudar”, que contén unha primeira aproximación aos diferentes títulos, agrupados por nivel e, dentro destes, por rama de coñecemento. Ofrece unha presentación xeral con información sobre a estrutura dos estudos, prazas ofertadas, centro de impartición, contacto, materias, etc.

Desde este punto, a través da ligazón “Máis información sobre o grao/máster”, accédese a un segundo nivel máis específico, coa información detallada do título, a través de varias pestanas: información básica: obxectivos, competencias e saídas profesionais; plan de estudos; outra información. Despregando o Plan de Estudos accédese aos programas das materias e aos seus horarios. Este sitio está ubicado na web da Facultade de Psicoloxía, de modo que se ten acceso tamén a toda a información do Centro (organización, infraestruturas, profesorado e outro persoal, biblioteca, Sistema de Garantía de Calidade, etc.).

Por último, un terceiro nivel pretende atender ás necesidades do alumnado no día a día ao longo dos seus estudos, no que denominamos “guía académica” do título. A ela accédese desde o sitio da Facultade, a través da pestana “Información académica”. Neste nivel, facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum e TFG, mobilidade, programas das materias, plan de acción tutorial). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que os estudantes conten coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula, e pódese tamén acceder á información dos cursos precedentes. Ao tempo, neste nivel ofrécese información xeral do título.

A información relativa ao Sistema de Calidade (política de Calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, Memorias de Calidade, Plans de Melloras) están publicados na web da Facultade, no sitio ‘Calidade’, e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (procesos institucionais, plan de auditorías, resultados e informes das enquisas)

na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.

Por último, a información relativa aos acordos da CCC, e tamén das CT, publícase na web da Facultade, no sitio 'A Facultade - Órganos colexiados', nas ligazóns correspondentes a cada unha destas comisións.

3. Plan de Melloras Anual

3.1. Informe do PMA executado en 2017-18

A continuación preséntase o informe de execución do PMA 2016-17. O resultado das accións que inclúen foi analizado ao longo dos apartados previos deste documento.

ACCÍONS DE MELLORA FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Código	AM_C-1 (Curso 2017-18)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1 – Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A actualización dos manuais do Sistema demorouse, no curso previo, para incorporar as recomendacións achegadas pola Comisión avaliadora externa no proceso de certificación da implantación pola ACSUG. Prevese completalo este ano, unha vez que xa se dispón dos documentos marco da USC, de modo que poida ser revisado pola Comisión da ACSUG para a súa certificación.
Definición/ descripción proposta	Revisión da documentación do SGC (Manual do Sistema e Manual de Procesos e Procedementos), en continuidade co proceso de adaptación ao Centro do Manual Marco da USC iniciado en 2015-16, e incorporando as recomendacións da Comisión de Avaliación para a certificación da implantación do Sistema. Esta revisión concretarase nunha simplificación e adaptación ao Centro dos manuais. En concreto, incorporará os seguintes aspectos sinalados no IPCISGC: - Revisión da autoría e propiedade da documentación. - Supresión de procedementos cuxa responsabilidade non corresponde ao Centro. - Corrección de aspectos formais da documentación (carátulas, órgano e data de aprobación, cadro de rexistro das modificacións. - Revisión e sistematización das evidencias (documentos a archivar) e o lugar onde se localizan; inclusión na documentación do SGC das actividades e os rexistros que orixinan e elaborar unha listaxe de evidencias con indicación de quen as aporta. - Mellorar a sistemática para a localización dos acordos e os asuntos tratados nos diversos órganos e comisións. - Incorporar valoracións da eficacia as planificacións recollidas no sistema. - Revisión detallada de cada un dos procedementos: denominación, responsables, obxectivos, sistemática, evidencias, indicadores.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/07/2018
Responsables	Socorro Rodríguez Holguín
Comprobación Acción	AM_C-1
Descrición Comprobación	A documentación do SGC foi actualizada a través do procedemento previsto. O proceso finalizou co seu envío á ACSUG, no prazo habilitado para implementar as melloras recollidas no Informe provisional de certificación da implantación do Sistema pola dita Axencia. Con data 25 de xuño de 2018 a ACSUG emitiu informe definitivo favorable.
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-1.1
Descrición tarefa	Elaboración dos novos documentos do SGC da Facultade de Psicoloxía
Data prevista de finalización	31/08/2018
Responsable	Socorro Rodríguez Holguín
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaboráronse os documentos previstos, que foron aprobados pola Comisión de Calidade con data 16/03/2018
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Tarefa2	AM_C-1.2
Descrición tarefa	Aprobación do manual de calidade e o manual de procesos en Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	21/03/2018
Responsable	Socorro Rodríguez Holguín
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-1.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Os documentos do SGC foron aprobados pola Xunta de Facultade con data 21 de marzo de 2018
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM_C-1.3
Descrición tarefa	Aprobación do manual de calidade e o manual de procesos na Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
Data prevista de finalización	30/04/2018
Responsable	Socorro Rodríguez Holguín
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-1.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A documentación do SGC foi aprobada pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno con data 6 de abril de 2018
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Código	AM_C-2 (Curso 2017-18)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A información dispoñible sobre as necesidades e integración laboral do desenvolvemento profesional dos egresados e a súa empregabilidade é escasa e pouco actualizada. Esta acción pretende poñer a proba estratexias que permitan facer fronte ás dificultades para obter información sobre os egresados necesaria para valorar a adecuación dos programas formativos.
Definición/ descrición proposta	Creación dunha plataforma de comunicación cos egresados para recadar información e opinións sobre a adecuación da súa formación para o seu desenvolvemento profesional, e como vía de contacto para actividades de interese para estudantes e egresados no eido da disciplina.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/03/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/07/2018
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-2
Descrición Comprobación	Creouse unha páxina web incluída e referenciada na páxina web da Facultade de Psicoloxía e unha páxina de Facebook na que se notificará a información e recursos que se inclúan na páxina web.
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-2.1
Descrición tarefa	Análise de plataformas de comunicación de uso frecuente por parte dos egresados e redacción de procedementos para a implementación e normas de uso da plataforma de comunicación.
Data prevista de finalización	30/04/2018
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-2.1. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Analizáronse distintas plataformas de comunicación e aplicación online, consultouse a actividade de comunicación cos egresados noutras facultades e determinouse que a mellor opción engloba o seguinte: lista de distribución de correo electrónico (previo consentimento informado asinado por parte dos alumnos que depositan o seu TFG), páxina web e perfil de Facebook (que levan a mesma información).
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM_C-2.2
Descrición tarefa	Implementación da plataforma de comunicación.
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-2.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Creouse unha páxina web incluída e referenciada na páxina web da Facultade de Psicoloxía e unha páxina de Facebook na que se notificará a información e recursos que se inclúan na páxina web.
Data Comprobación	12/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Código	AM_C-3 (Curso 2017-18)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Atendendo á boa acollida destas charlas que permiten aos estudantes o coñecemento dos diferentes campos de exercicio profesional, ao tempo que estimulan a vinculación coa Facultade dos títulos externos de Prácticum, preténdese unha mellor coordinación entre as charlas dirixidas aos estudantes de Grao e as orientadas aos dos Másteres.
Definición/ descrición proposta	Extender a este curso as charlas e conferencias sobre exercicio profesional da Psicoloxía iniciadas en cursos anteriores, mellorando a coordinación entre as orientadas a estudantes de grao e as dirixidas a estudantes de másteres. Manter o programa de charlas dirixido a estudantes de grao e regularizar as que se vinculan aos Másteres, coordinando adecuadamente todas elas.
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/07/2018
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	AM_C-3
Descrición Comprobación	Durante o curso 2017-18 leváronse a cabo 9 sesións dentro do ciclo de charlas 'A práctica profesional da psicoloxía', nas que se abordaron distintos eidos de traballo da Psicoloxía, e as que asistiron tanto alumnos/as de Grao como de Máster
Data Comprobación	26/07/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-3.1
Descrición tarefa	Programar e desenvolver o ciclo de charlas "A práctica profesional da Psicoloxía" para o curso 2017-18
Data prevista de finalización	31/07/2018
Responsable	Ana López Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Durante o curso 2017-18 leváronse a cabo 9 sesións dentro do ciclo de charlas 'A práctica profesional da psicoloxía', nas que se abordaron distintos eidos de traballo da Psicoloxía, e as que asistiron tanto alumnos/as de Grao como de Máster
Data Comprobación	26/07/2018
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----

Código	AM_C-4 (Curso 2017-18)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	O Centro vén renovando progresivamente, en función dos recursos económicos disponibles, o seu equipamento docente, así como mellorando as súas instalacións (tomas de corrente en espazos docentes, etc.) co obxectivo de manter unha dotación adecuada ás necesidades dos programas formativos. Os/as estudantes sinalan que a necesidade de aumentar o número de tomas de corrente nas aulas para o uso de ordenadores portátiles é un dos aspectos máis relevantes a mellorar nas infraestruturas do centro.
Definición/ descripción proposta	Mellora de infraestruturas e equipamento docente da Facultade. Aumentar progresivamente o número de tomas de corrente nas aulas dos módulos A e B. Dadas as restricións económicas, no curso 2017-2018 se implementará a primeira fase desta acción de mellora.
Datas	Finalización: 31/12/2018; Inicio: 02/04/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 31/08/2018
Responsables	Montserrat Martín Rajo
Comprobación Acción	AM_C-4
